

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN
DATA 4 DE DECEMBRO DE 2008.-**

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo.
D^a M^a del Carmen Silvar Canosa.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Ángel Rodríguez
Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez.
D. Juan Manuel Lourido González,
(se incorpora á sesión no momento
que se expresa na acta)
D^a Rita María Couto Seijido
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Edgar Antonio Vigo López
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocío Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a del Pilar Fornos Corral
D. Manuel Sánchez Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas e quince minutos do día catro de decembro de dous mil oito, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D^a M^a del Carmen Silvar Canosa, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, Don Juan Manuel Lourido González (quen se incorpora á sesión no momento que se expresa na acta), D^a Rita María Couto Seijido, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^adel Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Non asiste á sesión o Concelleiro D. Manuel Polo Gundín.

Non asiste:

D. Manuel Polo Gundín.

Asiste á sesión a Interventora accidental D^a Milagros López Álvarez, e actúa como Secretaria D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria xeral do Concello, que da fe do acto.

Interventora accidental:

D^a Milagros López Álvarez.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN DATAS 3 DE XULLO DE 2008, 2 DE OUTUBRO DE 2008 E 6 DE NOVEMBRO DE 2008.-

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións celebradas en datas 3 de xullo, 2 de outubro e 6 de novembro de 2008, previamente remitidas coa convocatoria, e non formulándose ningunha,

polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos presentes.

Á vista o resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións celebradas en datas 3 de xullo de 2008, 2 de outubro de 2008 e 6 de novembro de 2008.

2º.- TOMA DE POSESIÓN DE DON JUAN MANUEL LOURIDO GONZÁLEZ.

Seguidamente dáse conta da credencial de Concelleiro remitida pola Xunta Electoral Central en data 19 de novembro de 2008 (entrada 24-11-08, rexistro núm. 13404) a favor de D. Juan Manuel Lourido González, do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, así como de que o Concelleiro presentou as correspondentes declaracións sobre as causas de posible incompatibilidade de dos bens e dereitos patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo.

A continuación polo Sr. Alcalde-Presidente fórmulaselle a seguinte pregunta: ¿Xura ou promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Fene, con lealdade ao Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?, ao que o Sr. Lourido González resposta: si prometo.

Nestes momentos toma posesión como concelleiro do concello o Sr. Juan Manuel Lourido González e se incorpora á sesión.

De seguido intrvén o Sr. Alcalde-Presidente e manifes que dálle a benvida a esta Corporación ao Sr. Lourido González e lle desexa os mellores éxitos no seu traballo.

3º.- MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS DE TAXAS.

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 7 de novembro de 2008 relativo ao asunto epigrafiado ,que transcrito di:

“1.- MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS DE TAXAS.

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 4 de novembro de 2008 relativa ao asunto epigrafiado que, transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE ORDENANZAS FISCAIS.

Iniciado o expediente de modificación de ordenanzas fiscais formado por: providencia de inicio do expediente e informe de intervención, dáse traslado do mesmo ó Concello-Pleno, para que previo dictame da Comisión de Facenda, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar provisionalmente as modificacións das ordenanzas fiscais seguintes:

- Ordenanza fiscal número 1, reguladora da taxa pola apertura de gabias, calicatas en terreos de uso público, así como calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública.
- Ordenanza fiscal número 5, reguladora da taxa pola ocupación do subsolo, solo e espazo aéreo en superficies de uso público local.
- Ordenanza fiscal número 6, reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación de terreos de uso público

local con mercancías, materiais de construción, vallas, puntais, andamios e outras instalacións análogas.

- Ordenanza fiscal número 9 reguladora da taxa pola retirada de vehículos da vía pública e depósito dos mesmos e inmovilización dos estacionados antiregulamentariamente sen perturbar gravemente a circulación.
- Ordenanza fiscal número 10, reguladora da taxa pola tala de masas arbóreas e da protección de árbores prantas no termo municipal.
- Ordenanza fiscal número 12, reguladora da taxa polo outorgamento das licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e o ordenamento urbán.
- Ordenanza fiscal número 13, reguladora da taxa polos documentos que expidan ou de que entendan a administración ou as autoridades municipais a instancia de parte.
- Ordenanza fiscal número 14, reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas ou autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer.
- Ordenanza fiscal número 15, reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas de apertura de establecementos.
- Ordenanza fiscal número 16, reguladora da taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal.
- Ordenanza fiscal número 21, reguladora da taxa pola expedición de licenza de primeira utilización ou ocupación de edificios.
- Ordenanza fiscal número 22, reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

Segundo: A modificación entrará en vigor no momento da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro: .- De acordo co previsto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os acordos adoptados expóñense ó público por un período de trinta días mediante anuncio inserto no boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello e nun diariño dos de maior difusión da provincia por ser un municipio de máis de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación algunha contra os acordos adoptados, entenderanse definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais.

Cuarto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como os textos das ordenanzas fiscais modificados.

Unese como anexo o texto dos artigos modificados de cada unha das ordenanzas.

Fene, a 4 de novembro do 2008.

O ALCALDE

Asdo.- Iván Puentes Rivera"

ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DA TAXA POLA APERTURA DE GABIAS, PROSPECCION EN TERREOS DE USO PUBLICO, ASI COMO CALQUERA REMOCION DE PAVIMENTO OU BEIRARRUAS NA VIA PUBLICA

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora da taxa pola apertura de gabias, prospección en terreos de uso público, así como calquera remoción de pavimento ou beirarrúa na vía pública, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTIGO 6.- TARIFAS

1.- As Tarifas da taxa serán as seguintes:

Epígrafe A): Concesión da Licencia de obra na vía pública.-

“ Cobrarase un 5.00% por 100 sobre o custo real e efectivo da obra, para levar a cabo a apertura de gabias e prospeccións en terreos de uso público.

Epígrafe B): Aproveitamentos da vía pública.-

Liquidarase en función do aproveitamento por metro cadrado ou fracción da vía pública, consonte ó especificado na seguinte táboa:

Localización da vía	Unidade	Cota trimestral
Zonas 1,2 e 3	5 m/2	34,35 €
Zonas 4,5 e 6	5 m/2	21,30 €
Zonas 7 e 8	5 m/2	17,15 €

ARTIGO 7.- REINTEGROS DE GASTOS DE RECONSTRUCCIÓN E INDENIZACIÓNS

Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelhada a destrucción ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, estará obrigado :

a) ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ó depósito previo do seu importe, según á conta que formule a oficina técnica municipal. Si os danos foran irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos ou a o importe do deterioro dos danados.

b) a Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública.

Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública. Tarifa

Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública	Tarifa (€)
1.- Por cada metro cadrado de gabia aberta en terra,aínda que a reconstrucción a efectúe o interesado...	0,15
2.- Por cada metro lineal de bordo sobre beirarrúa...	0,67
3.- Por cada metro lineal de bordo sobre formigón..	0,96
4.- Por cada metro cadrado de beirarrúa pavimentada,calquera que sexa o material da mesma....	1,15
5.- Por cada metro cadrado de afirmado de macadám ordinario....	0,50
6.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre formigón...	1,15
7.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre beirarrúa...	0,60
8.- Por cada metro cadrado de pavimento de asfalto ou lousa asfáltica sobre formigón...	1,55
9.- Por cada metro cadrado de rego asfáltico sobre macadám...	0,85
10.- Por cada metro cadrado de beirarrúa na que se teña construído somentes a capa de rodamento conservando o formigón de cemento...	0,40
11.- Por cada metro cadrado de firme de formigón...	0,69

En ningún caso efectuarase a liquidación por cantidade inferior á superficie ocupada dun metro cadrado.

O Concello non poderá condonar total ou parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2009 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACION DO SUBSOLO, SOLO E ESPAZO AEREO EN SUPERFICIES DE USO PUBLICO LOCAL

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 5 reguladora da taxa pola ocupación do subsolo, solo e espazo aéreo en superficies de uso público local modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

Artigo 6. Tarifas

Aplicaranse as seguintes tarifas por anos:

Tarifa	Concepto	Zonas 1, 2 e 3	Zonas 4, 5 e 6	Zona 7	Zona 8
1. Rieles, transformadores, caixas de amarre, distribución e de rexistro, cabos, tubos, e outros elementos análogos no subsolo.	Tubos de condución de auga de menos 50 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0,29	0,16	0,10	0,56
	Tubos de condución de auga de 50 mm até 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0,56	0,34	0,24	1,15
	Tubos de condución de auga de máis de 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	0,85	0,50	0,34	1,70
	Cabos de condución eléctrica soterrados, por m lineal ou fracción e semestre	0,29	0,16	0,10	0,56
	Cabos de condución telefónica e/ou telemática (voz e datos) soterrados, por m lineal ou fracción e semestre	0,56	0,34	0,24	1,15
	Tubos de condución de gas de 50 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e Semestre	0,56	0,34	0,24	1,15
	Tubos de condución de gas de 50 mm até 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	1,15	0,35	0,45	2,30
	Tubos de condución de gas de máis de 150 mm de diámetro, por m lineal ou fracción e semestre	2,30	1,37	0,90	4,60

	Outros cabos non especificados nesta tarifa, por m lineal ou fracción e semestre	0,85	0,51	0,34	1,70
	Outros tubos non especificados nesta tarifa, por m lineal ou fracción e semestre	3,43	2,05	1,36	6,85
2. Grúas, guindastres e outros elementos análogos	Por cada elemento no que o brazo ou pluma ocupe no seu percorrido o voo da vía pública, por semestre	137,55	68,77	34,39	229,26
3. Depósitos	De combustíbel, por m3 de capacidade	2,86	1,70	1,15	5,73
	De outras substancias, por m3 de capacidade	1,43	0,85	0,56	2,86
4. Espacio aéreo ocupado por postes, cables, rieles o palomillas	Por cada m2 de superficie ocupada con postes	1,86	1,55	2,99	0,72
	Por cada m2 de superficie ocupada con cables	2,63	2,20	1,50	0,36
	Por cada metro cuadrado ocupado por rieles	1,30	1,37	0,78	0,19

As categorías correspóndense coas seguintes zonas tal e como figuran no Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral:

Categoría 1: Correspondese coa zona Industrial (nº 8) da Ordenanza Fiscal Xeral.

Categoría 2: Correspondese coas zonas 1,2,3 da Ordenanza Fiscal Xeral

Categoría 3: Correspondese coas zonas 4, 5, 6, da Ordenanza Fiscal Xeral

Categoría 4: Correspondese coa zona rural (numero 7) da Ordenanza Fiscal Xeral.

2.- No suposto en que o espacio afectado figure na confluencia de dúas ou máis rúas clasificadas en distinta categoría, aplicarase a tarifa correspondente á rúa de categoría superior.

Nota para a aplicación da tarifa: As instalacións e aparatos non enumerados de maneira expresa nos anteriores epígrafes, pero que realizan un aproveitamento do subsolo, solo e vo da vía pública sustancialmente igual os enuncados estarán sometidos a tarifa do aparato ou instalación que mais se lle asemelle.

ARTIGO 7: Reintegros de gastos de reconstrucións e indemnizacións.

Cuando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, estará obrigado :

a) ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe ou aval por dita cantidade, según á conta que formule a oficina técnica municipal. Si os danos foran irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos ou a o importe do deterioro dos danados.

b) a Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública.

Indemnización por depreciación ou deterioro da vía pública.	Tarifa €
1.- Por cada metro cadrado de zanja aberta en terra, aínda que a reconstrucción a efectúe o interesado...	0.15
2.- Por cada metro lineal de bordillo sobre beirarrúa...	0.67
3.- Por cada metro lineal de bordillo sobre formigón..	0.96
4.- Por cada metro cadrado de beirarrúa pavimentada, calquera que Sexa o material da mesma....	1.15
5.- Por cada metro cadrado de afirmado de macadám ordinario....	0.50
6.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre formigón...	1.15
7.- Por cada metro cadrado de empedrado sobre beirarrúa...	0.60
8.- Por cada metro cadrado de pavimento de asfalto ou loseta asfáltica sobre formigón...	1.55
9.- Por cada metro cadrado de rego asfáltico sobre macadám...	0.85
10.- Por cada metro cadrado de beirarrúa na que se teña construído somentes a capa de rodadura conservando o formigón de cemento...	0.40
11.- Por cada metro cadrado de firme de formigón...	0.69

En ningún caso efectuarase a liquidación por cantidade inferior á superficie ocupada dun metro cadrado.

O Concello non poderá condonar total ou parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente apartado

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2009 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 6 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO LOCAL CON MERCANCIAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCION, VALLAS, PUNTAIS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIONES ANALOGAS.

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación de terreos de uso público local con mercancías, materiais de construción, vallas, puntais, andamios e outras instalacións análogas, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTIGO 10º.-

A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase atendendo ás características da vía na que se realice a ocupación.

A tal fin as rúas do municipio clasificaranse nas categorías que figuran de seguido.

Nos supostos en que o espazo afectado figure na confluencia de dúas ou máis rúas clasificadas en distintas categorías, aplicarase a tarifa correspondente á rúa de categoría superior.

Zona	Descrición do tipo de rúa	Custo ocupación m2/mes (€)
A	Zona Industrial (numero 8) tal e como figura na clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral.	5,00
B	Zonas 1 , 2, 3 segundo a clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	4,50
C	Zonas 4, 5 , 6, segundo a clasificación do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	3,15
D	Zona rural (numero 7) do Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral	2,15

ARTIGO 11º.-

7.- Cando se trate de ocupación con vallas da vía pública, con carácter mínimo e sempre que por aplicación da precedente tarifa non se acade outra superior percibirase a cantidade de 13.84 euros/mes; tratándose de valos voados, andamios, puntais e outros elementos de apeo a cota mínima será de 6.85 euros/mes.

Os puntais e andamios que estean situados dentro do perímetro limitado pola valla non darán lugar á liquidación por tal tarifa, incluíndose nas cotas correspondentes ó concepto específico de vallas. A partir do sexto mes a tarifa por ocupación da vía pública con vallas experimentará un incremento acumulativo do 10% por cada mes de exceso e mentres as obras non remataran.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2009 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA POLA RETIRADA DE VEHICULOS DA VIA PÚBLICA E DEPOSITO DOS MESMOS E INMOVILIZACION DOS ESTACIONADOS ANTIRREGULAMENTARIAMENTE SEN PERTURBAR GRAVEMENTE A CIRCULACIÓN.

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 9 reguladora da taxa pola retirada de vehículos da vía pública e depósito dos mesmos e inmovilización dos estacionados antirregulamentariamente sen perturbar gravemente a circulación, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTIGO 6º.-

Rexerán as seguintes tarifas:

1.-	Retiradas e traslados ó depósito, por cada vehículo	Euros
1.1.-	Retirada e traslado ó depósito municipal en xornada laboral, servizo diurno, tarifa vehículos	48,55
1.2.-	Retirada e traslado ó depósito municipal en xornada laboral, servizo nocturno ou festivos, tarifa vehículo	72,80
1.3.-	Retirada e traslado ó depósito municipal en xornada laboral, servizo diurno, tarifa furgón	62,70
1.4.-	Retirada e traslado ó depósito municipal en xornada laboral, servizo nocturno ou festivos, tarifa furgón	94,60

Estas tarifas serán tamén de aplicación ós vehículos inmovilizados.
No caso de que o propietario do vehículo se presente no lugar da retirada antes de que comece o traslado, a tarifa será reducida nun 50 %.

2.-	Depósito e garda, por vehículo	Euros
	Depósito e garda, por día ou fracción	7,80

Considérase:

- Servizo diurno: entre as 8:00 e as 20:00 horas
- Servizo nocturno: entre as 20:00 e as 8:00 horas
- Servizo festivo: entre as 20:00 horas do venres e as 8:00 horas do luns

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación no exercicio do 2009 permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POLA TALA DE MASAS ARBOREAS E DA PROTECCION DE ARBORES E PLANTAS NO TERMO MUNICIPAL.

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa pola tala de masas arbóreas e da protección de árbores e plantas no termo municipal, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTÍGO 5º.-

A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase dacordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes números da mesma, según o seguinte:

A tarifa a aplicar será a de 0.42 euros por cada 1000 quilogramos, según a base de pesaxe que figure no escrito de autorización que expida para tal finalidade a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Si esta base viñera expresada en metros cúbicos, aplicarase a densidade da madeira de que se trate ós efectos de realiza-lo cómputo en peso, según os valores seguintes:

Madeira	Peso específico aparente (kg/ m3)
Madeiras resinosas:	
Pino, pinabeto, abeto,etc	600
Pino tea, pino melis	800
Madeiras frondosas:	
Castiñeira,Carballo,Nogueira	800
Outras madeiras:	
Eucalipto	950

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2009 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DA TAXAS POLO OUTORGAMENTO DAS LICENCIAS URBANÍSTICAS ESIXIDAS POLA LEXISLACION DO SOLO E O ORDENAMENTO URBAN.

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa pola outorgamento das licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e o ordenamento urbano, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTIGO 7º.-

En todos aqueles supostos nos que a base imponible se determine en función do custo efectivo ou real da obra, construción ou instalación, o tipo de gravame será o 0.41 por 100. Nas licencias de obras suxeitas ó Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, sobre o orzamento da construción, instalación ou obra civil, o 0.41 por 100. En todo caso, os dereitos por outorgamento das preceptivas licencias para calquera clase de obras ou instalacións, non poderán ser inferiores a 12,30 euros

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2009 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 13 REGULADORA DA TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDAN OU DE QUE ENTENDAN A ADMINISTRACION OU AUTORIDADES MUNICIPAIS A INSTANCIA DE PARTE

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 13 reguladora da taxa polos documentos que expidan ou de que entendan a Administración ou autoridades municipais a instancia de parte modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTIGO 5º.-

- 1.- Constituirá a base da presente taxa, a natureza dos expedientes a tramitar e dos documentos a expedir.
- 2.- A cuota tributaria se determinará por unha cantidade fixa sinalada, según a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coas tarifas que se relacionan a continuación:

2.1.- T A R I F A

I.- Documentos expedidos ou extendidos polas oficinas municipais	Euros
Por cada contrato administrativo que se suscriba de obras, bens ou servicios	117,80
Por cada cambio de titularidade de licencia de apertura de establecementos	81,70
Documentación do arquivo, por cada folio	1,75

Expedición de copias de atestados realizados pola Policia Local	22,50
II.- Documentos expedidos pola Secretaria Xeral ou Intervención	
Bastanteo de poderes	35,65
Certificacións urbanísticas: antigüedad do inmovible, etc. por Unidade	24,85
Xustificante acreditativo do pago de Impostos e Taxas	4,30
III.- Documentos relativos a servicios urbanísticos	
Cédulas de calificación urbanístic	14,80
Solicitudes varias: Parcelacións, segregacións, información urbanística, etc. por cada unha	9,80
Por expedición de copias de planos do termo municipal, existentes nas oficinas (a partir de 10 copias, mínimo 2.30 euros)	0,24
Follas según tamaños	
*Follas de tamaño DIN A4 (a partir de 10 copias, mínimo 0.55 euros)	0,06
*Follas de tamaño DIN A3 (a partir de 10 copias, mínimo 0.80 euros)	0,08
Por expedición de copias ou impresión de documentos na biblioteca municipal e na aula informática	
Fotocopias de follas Tamaño DIN A4	0,05
Fotocopias de Tamaño DIN A 3	0,08
Impresión de Boletins e documentos oficiais e apuntamentos (este prezo cada folla a partir da quinta, mínimo 1.65 euros).	0,35
Impresión de currículos (este prezo cada folla a partir da décima, mínimo 3.30 euros)	0,35
documentos en soportes informaticos (cd, dvd, disket,etc)	2,10
IV.- Documentos que a súa realización implican desprazamento fora do termo municipal	
Follas según tamaños	
* Follas de Tamaño DIN A2: 1ª copia: 3.45euros Seguintes: 3.45 euros mais 0.65 € por nº de copias	
* Follas de Tamaño DIN A1: 1ª copia: 4,10 euros Seguintes: 4.10 euros mais 1.30 € por nº de copias	
* Follas de Tamaño DIN A0: 1ª copia: 4.75 euros Seguintes: 4.75 euros mais 1.99 € por nº de copias	

(*)

2.2.- A cuota da tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia do documento ou expediente de que se trate, dende o seu inicio ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo económico.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2009 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXAS POLO OUTORGAMENTO DAS LICENCIAS OU AUTORIZACIONES ADMINISTRATIVAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHICULOS DE ALUGUER

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa polo outorgamento das licencias ou autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTIGO 6º.-

- 1.- A base imponible está constituída pola natureza do servizo ou actividade.
- 2.- A cuota tributaria consistirá na cantidade resultante de fixar unha tarifa e calcularase dacordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes apartados da mesma, segundo a seguinte:

T A R I F A

CONCEPTO	EUROS
A) Concesión, expedición e rexistro de licencias. Por cada licen- Cia	256,75
B) Substitución de vehículos. Por cada licencia	52,50

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2009 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DAS LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 15 reguladora da taxa polo outorgamento das licenzas de apertura de establecementos modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTIGO 7º.-

As cuotas tributarias se determinarán dacordo coa seguinte:

1.- Tarifa Primeira:

Para establecementos ou locais non suxetos ó Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, o tipo de gravame será o resultado de aplicar á tarifa anual que lle corresponda á actividade no Imposto sobre Actividades Económicas os seguintes coeficientes correctores:

Rúas	Coeficiente corrector da tarifa xeral
Categoría A	2.82
Categoría B	2.35
Categoría C	2.13
Categoría D	1.93

A correspondencia das anteriores categorías coa zonificación que figura no Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral é a seguinte:

Categoría A: Correspondese coa zona industrial (numero 8)

Categoría B: Correspondese coas zonas 1 ,2, 3

Categoría C: Correspondese coas zonas 4, 5, 6

Categoría D : Correspondese coas zona rural (numero 7)

2.- Tarifa Segunda.-

As Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas reguladas según o artigo 2º do Regulamento do mesmo nome, aprobado por Decreto 2414/61, de 30 de novembro, pagarán **o triplo** da cota anual que lle correspondera pola aplicación do Imposto de Actividades Económicas según a catalogación.

3.- Tarifas Especiais:

a) Cando se solicite a apertura dun local que teña instaladas máquinas electrónicas, eléctricas ou mecánicas de xogo, ademáis da aplicación das tarifas contidas no primeiro e segundo párrafo do artigo 7º desta ordenanza, según o caso, abonaranse por unidade de máquina instalada:

	EUROS
Aparatos mecánicos sen propósito de lucro	50.50
Máquinas electrónicas ou eléctricas sen propósito de Lucro	92.75
Máquinas con propósito de lucro	232.25

b) Tarifa Especial correspondente ós establecementos que a continuación se indican: Pagarán o importe resultante de aplicar á tarifa anual que corresponda á actividade no Imposto sobre Actividades Económicas, os coeficientes correctores seguintes, según a agrupación no devandito imposto:

Agrupación en tarifas do I.A.E.	Coeficiente corrector da tarifa xeral
AGRUPACIÓN 65 : Comercio ó por menor de productos industrias non alimenticios, realizados en establecementos permanentes. GRUPO 655: Comercio al por menor de combustibles, carburantes e lubricantes (gasolinera).	6.55
AGRUPACION 66: Comercio mixto ou integrado. GRUPO 661: Comercio mixto ou integrado en Grandes superficies	5.45
AGRUPACIÓN 67: Servicio de alimentación.	4.35

GRUPO 671: Servicios en restaurantes	
AGRUPACIÓN 68: Servicio de hospedaxe. GRUPO 681: Servicio de hospedaxe en hotéis e motéis	4.35
AGRUPACIÓN 69: Reparacións. GRUPO 691: Amaño de vehículos automóviles e outros artigos e bens de consumo	4.35
AGRUPACIÓN 81: Institucións financeiras. GRUPO 811: Banca GRUPO 812: Caixas de aforro GRUPO 819: Outras Institucións Financeiras	3.25
AGRUPACION 96: Servicios recreativos e culturais. GRUPO 965: Expectáculos (excepto cine e deportes). GRUPO 969: Outros servicios recreativos. (salas de baile e discotecas).	5.45

A liquidación según as tarifas especiais non poderá ser inferior á resultante da aplicación, para a actividade de que se trate, do procedemento previsto no artigo 7, apartados 1 e 2 desta ordenanza.

c) Tarifa especial polo feito de apertura ou funcionamento de tres ou mais máquinas electrónicas, eléctricas ou mecánicas de xogo, no mesmo local e ésta constitúa a súa actividade principal:

En calquera categoría 1683.10 euros

Se por calquera circunstancia o establecemento estivera exento do Imposto sobre Actividades Económicas a cota mínima a aplicar, en tódolos casos establécese en 199.10 euros

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2009 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 16 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DOS SERVICIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 16 reguladora da taxa pola prestación dos servizos no cemiterio municipal, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

Artigo 7º.

A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte tarifa:

Servizo	Concepto	Cota
Inhumacións ou exhumacións	Licenza	103,15
Concesión de nichos	Tarifa de referencia	640,61
	Nicho intermedio (110%)	668,03
	Nicho superior (100%)	640,61
	Nicho inferior (90%)	608,81

Transmisión da titularidade	Mortis causa (5% da tarifa de referencia da concesión)	34,35
	Inter vivos (20% da tarifa de referencia da concesión)	137,55
Conservación e vixilancia	Por cada nicho	12,84
	Colocación de lápidas e ornamentos	13,33
Utilización do fogar funerario	Por día	164,54
Transporte ao cemiterio	Viaxe de ida e volta	2,20

As permutas terán a consideración, ós efectos de esta Ordenanza, de dúas transmisións intervivos. (*)

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2009 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 21 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICION DE LICENCIA DE PRIMEIRA UTILIZACION OU OCUPACION DE EDIFICIOS

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 21 reguladora da taxa pola expedición de licencia de primeira utilización ou ocupación de edificios, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

ARTIGO 12º.-

1.- Tomarase como base de gravame da presente taxa o custo real e efectivo da construción, calculado da forma establecida no artigo 6º.1.b) da Ordenanza Fiscal nº 24, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

2.- O tipo de gravame a aplicar será o seguinte:

Concepto	Euros
Por cada edificio e ata 6.010,12 euros de orzamento do mesmo	61.95
Por cada tramo de incremento de 6.010,12 euros sobre o orzamento	18.15

3.-Naqueles edificios que, encontrándose en trámite de obtención da licenza de primeira ocupación, presentaran orzamentos realizados en anualidades anteriores ás da solicitude, procederá a súa actualización mediante a aplicación dos correspondentes índices de prezos ó consumo correctores.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2009 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 22 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS E CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA.

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 20 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 22 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, modificándose os artigos seguintes nos termos redactados quedando derogada, polo tanto, a redacción anterior. Polo que respecta ó resto dos capítulos da ordenanza fiscal, a súa redacción manteríase nos mesmos termos.

Artigo 5º.

A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de aplicar a tarifa recollida no seguinte cadro, de acordo cos conceptos e importes nel establecidos e atendendo á zonificación do viario municipal que se relaciona no Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral municipal.

Localización da vía	Unidade de Débeda	Cota Trimestral (€)
Zonas 1, 2 e 3	Mesa	34,35
Zonas 4, 5 e 6	Mesa	21,30
Zonas 7 e 8	Mesa	17,15

Normas de xestión, administración e cobranza

Artigo 6º.

1.- As cantidades esixíbeis de acordo coa tarifa, liquidaranse por cada ocupación solicitada ou realizada, por períodos bimensuais, sendo irredutíbeis por cada período autorizado.

2.- As persoas ou entidades interesadas na concesión das ocupacións reguladas nesta Ordenanza, terán de solicitar previamente a correspondente licenza, formulando declaración na que conste:

- a) O número de mesas incluídas na ocupación.
- b) Os demais elementos que se prevé instalar (cadeiras, zócalos, tarimas, parasoles, separadores, carpas, macetas...).
- c) Localización dentro do municipio, indicando o nome e tramo de vía afectado.

3.- No momento de presentación da solicitude efectuarase unha liquidación provisoria que terá, de conformidade co artigo 26.1 do R.D. Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, carácter de depósito previo, que se elevará a definitivo unha vez concedida a correspondente licenza ou autorización, previas as comprobacións que procederan por parte dos servizos municipais.

4.- Non se consentirá a ocupación da vía pública polos interesados en tanto non se obtivera a correspondente licenza.

5.- Ao cabo do bimestre natural polo que se autoriza a ocupación entenderase automaticamente renovada a concesión da licenza, por períodos mensuais. A licenza caducará por acordo expreso da Alcaldía ou cando se presente baixa xustificada polo interesado, ou polos seus lexítimos representantes no caso de finamento. Con independencia da causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou arrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza.

6.- O abono das taxas realizarase durante o período determinado polo Servizo de Recadación, agás que o reporte da taxa se producira con posterioridade a dita data, aboándose en tal caso a primeira cota rateada polos bimestres naturais que correspondan.

7.- O titular da licenza vén obrigado a deixar paso dabondo para o tránsito de peóns na zona obxecto da ocupación, que deberá ser como mínimo da metade do largo da sección da beirarrúa ou superficie ocupada, e nunca inferior a 1 m.

Obriga de pagamento

Artigo 7º.

1.- A obriga de pagamento nace :

a) Tratándose de concesións de novas ocupacións da vía pública: cando se inicie o uso, se ben no momento en que se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente deberá realizarse o depósito previo total da liquidación.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados: cando a natureza material da taxa esixa o reporte periódico desta, o mesmo terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou no aproveitamento especial, en cuxo caso o período impositivo se axustará a esa circunstancia co conseguinte rateo da cota.

Cando por causas non imputábeis ao suxeito pasivo, o dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

2.- O pagamento da taxa efectuarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos: por ingreso directo na entidade bancaria correspondente ou onde establecece o Concello, con anterioridade á entrega da correspondente licenza ou autorización.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados: unha vez incluídos nos padróns ou matrículas da taxa por períodos anuais, rateábeis en bimestres, nas oficinas de Recadación ou por domiciliación bancaria, no período de cobranza que se estableza ao efecto.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2009 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Aberto o turno de intervencións, (.../....)

Rematadas as intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica con catro (4) votos a favor(, dos Sres/as Polo Gundín, García Balado, Pico Sanmartín e Roca Requeijo), ningún voto en contra e coa abstención dos Sres/as Concelleiros/as Franco Casal, Bértoa Puente e Sánchez Martínez acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 4 de novembro de 2008 que deven en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 7 de novembro 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 7 de novembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4º.- IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E APROBACIÓN PROVISIONAL DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA.-

A continuación dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 7 de Novembro de 2008 relativo ao asunto epigrafiado que transcrito di:

“2.- IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA.

De seguido dáse conta da proposta da Alcaldía de data 4 de novembro de 2008 relativa ao asunto epigrafiado que, transcrita di:

“ PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- EXPEDIENTE PARA A IMPOSICION E ORDENACION DA TAXA POLA UTILIZACION DE EDIFICIOS E INSTALACIONES MUNICIPAIS E APROBACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA.

En relación co expediente de imposición e ordenación da taxa pola utilización de edificios e instalacións municipais, e visto o informes emitidos pola Intervención municipal con data de 4 de novembro de 2008, pola Alcaldía de conformidade co establecido no artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, proponse ó Pleno, previo dictame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a imposición e ordenación da taxa pola utilización de edificios e instalacións municipais así como a ordenanza fiscal nº 28 reguladora da taxa pola utilización de edificios e instalacións municipais que se transcribe como anexo.

Segundo.- De acordo co previsto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os acordos adoptados expóñense ó público por un período de trinta días mediante anuncio inserto no boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello e nun diarios dos de maior difusión dos da provincia por ser un municipio de mais de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación algunha contra os acordos adoptados, entenderanse definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais.

En Fene, a 4 de novembro de 2008.

O ALCALDE

Asdo.- Iván Puentes Rivera”

ANEXO

ORDENANZA FISCAL Nº 28 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION DE EDIFICIOS E INSTALACIONES MUNICIPAIS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Fene establece a taxa pola utilización de edificios e instalacións municipais.

Artigo 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa dos seguintes edificios e instalacións municipais, nos termos establecidos na presente ordenanza:

- Aulas da nave de formación e emprego.

Artigo 3.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo favor se outorguen as licencias para disfrutar da utilización privativa ou quen se beneficie da mesma, sen haber obtido licencia.

Artigo 4.- Exencións e bonificacións.

4.1.- Non se concederán exencións nin bonificación algunha na exacción da presente taxa.

4.2.- Non estarán suxeitas á taxa as seguintes actividades:

- As patrocinadas ou subvencionadas polo Concello.
- As realizadas ó amparo de convocatorias municipais.
- As apoiadas por outras administracións públicas que se dirixan ó concello para solicitar a súa colaboración mediante a remisión dun programa de actividades.
- As realizadas por centros educativos, asociacións e outros colectivos do concello sempre que estas actividades non se realicen con ánimo de lucro.

Artigo 5.- Cota tributaria.

5.1.-A cota tributaria a esixir resultará da aplicación das seguintes tarifas:

1. Utilización da aula de formación con maquinaria: 20 €/hora
2. Utilización aulas de formación para impartición de clases teóricas, sen maquinaria: 10 €/hora

5.2.-As cotas anteriores serán obxecto de modificación mediante a aplicación de coeficientes de incremento de carácter acumulativo en función do tipo de natureza da utilización e das diversas circunstancias concurrentes. Os coeficientes de aplicación ás tarifas especificadas nos apartados anteriores e cos que se practica a liquidación da cota a satisfacer son os seguintes:

- a) Se a utilización da instalación ten lugar en hora nocturna ou con luces, aplicarase un coeficiente de 0,15.
- b) Se a utilización se realiza en domingo ou festivo, aplicarase un coeficiente de 0,15.
- c) Se a utilización require que a limpeza se realice polo Concello, aplicarase un coeficiente de 0,15.
- c) Calqueira outra circunstancia concurrente que deba ser tida en conta, e previo informe técnico de valoración económica, aplicarase un coeficiente de 0,20.

5.3.-Ademais do pago das taxas anteriores, correrán a cargo do suxeito pasivo os gastos de limpeza, vixilancia e calequeira outros que se produzan, así como o deterioro e os desperfectos que se poideran producir.

5.4.-O suxeito pasivo estará obrigado a prestar fianza do 20% do importe total da cota a satisfacer cun importe mínimo de 60 euros.

Artigo 6.- Devengo.

6.1.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie o uso privativo , momento no que se entende que coincide coa concesión da licencia se a mesma foi solicitada.

6.2.-Sen perxucio do advertido no apartado anterior, será preciso depositar o importe da taxa cando se presente a solicitude de autorización para disfrutar da utilización.

6.3.-Non se admitirá a trámite ningunha solicitude de licencia na que non se acompañe o xustificante de ingreso da taxa.

6.4.-En caso de desestimento formulado polo solicitante da autorización, con anterioridade á súa concesión ou expedición, a cota a liquidar quedará reducida ó 25% da que lle corresponda por aplicación da tarifa.

Cando non se autorizara a utilización privativa, ou a mesma non resultara posible por causas non imputables ó suxeito pasivo, procederá a devolución do importe satisfeito.

Artigo 7.-Normas de xestión.

7.1 A utilización privativa destes edificios e instalacións municipais poderá realizarse:

a)Sempre e cando non exista programación municipal coincidente en datas ou de institucións ou asociacións que teñan un acordo de colaboración co Concello ou que estén patrocinadas ou subvencionadas polo mesmo.

b)Sempre que exista dispoñibilidade de recursos humanos para a súa atención e seguridade das instalacións.

7.2.- As autorizacións deberán tramitarse ó menos con dez días de antelación.

7.3.-A concesión das autorizacións conlevará ademais do pago das taxas establecidas, outras obrigas como limpeza, seguridade, vixiancia, limitación de ruidos e horarios, etc tras a valoración da actividade a realizar e que serán recollidas con detalle na resolución de concesión da autorización.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación ata que se acorde a súa modificación ou derogación, de conformidade co establecido no artigo 17.4 do RDL2/2004, de 5 de marzo

Aberto o turno de intervencións (.../....)

Rematadas as intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votacion ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica con seis (6) votos a favor(, dos Sres/as Polo Gundín, García Balado, Silvar Canosa Pico Sanmartín , Roca Requeijo e Sánchez Martínez), ningún voto en contra e coa abstención dos Sres/as Concelleiros/as Franco Casal e Bértoa Puente acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 4 de novembro de 2008 que deven en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 7 de novembro 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 7 de novembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5º.- IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL E APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA.

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 7 de novembro de 2008 relativo ao asunto epigrafiado, que transcrito di:

“3.- IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL E APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA.

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 4 de novembro de 2008 relativa ao asunto epigrafiado que, transcrita di:

De seguido dáse conta da proposta da Alcaldía de data 4 de novembro de 2008 relativa ao asunto epigrafiado que, transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO.- EXPEDIENTE PARA A IMPOSICION E ORDENACION DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE TELEFONIA MOBIL E APROBACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA.

En relación co expediente de imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servicios de telefonía móbil e visto o informes emitidos pola Intervención municipal con data de 4 de novembro de 2008, pola Alcaldía de conformidade co establecido no artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propónse ó Pleno, previo dictame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servicios de telefonía móbil así como a ordenanza fiscal nº 29 reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servicios de telefonía móbil que se transcribe como anexo.

Segundo.- De acordo co previsto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os acordos adoptados expóñense ó público por un período de trinta días mediante anuncio inserto no boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello e nun diarios dos de maior difusión dos da provincia por ser un municipio de mais de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación algunha contra os acordos adoptados, entenderanse definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais.

En Fene, a 4 de novembro de 2008.

O ALCALDE

Asdo.- Iván Puentes Rivera”
“ANEXO

ORDENANZA FISCAL Nº 29 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE TELEFONIA MOBIL.

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 de la Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene establece a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no voo, solo e subsolo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil, que afectan á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa regulada na presente Ordenanza, a utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local constituído no voo, solo e subsolo de vías públicas municipais ou outros terreos públicos a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

Artigo 2. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuínte as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria titulares das empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

Considéranse prestados dentro do termo municipal todos os servizos que, pola súa natureza dependan do aproveitamento do voo, o solo ou o subsolo da vía pública ou estean en relación cos mesmos.

Artigo 3. Responsábeis.

Os supostos de responsabilidade, xa sexan subsidiaria ou solidariamente, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Exencións e bonificacións

Non se concederán mais exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais.

Artigo 5 . Base imponible e cota tributaria

Para as empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil (tanto de prepago como de contrato), a cota tributaria é o resultado de multiplicar o número de abonados ou clientes da empresa que teñan o seu domicilio no termo municipal de Fene polo 1,5 por 100 dos ingresos medios de operacións de telefonía móbil en todo o Estado.

Os efectos do que dispón o párrafo anterior, son ingresos medios por operacións en todo o Estado os resultantes de dividir a cifra de ingresos por operacións en todo o Estado dos operadores de telefonía móbil, polo número de clientes (prepago e contrato) de telefonía móbil en todo o Estado, segundo os datos que ofrece para cada exercicio o Informe Anual da Comisión Do Mercado de Telecomunicacións.

E dicir, a fórmula de cálculo será a seguinte:

CT = Número de abonados empresa no concello x BI

BI = 1,5% x IMO

Sendo:

CT =Cota tributaria

Número de abonados empresa: número de clientes no termo municipal de Fene da empresa explotadora de servizos de telefonía móbil.

IMO = IOM/núm. Clientes móbiles

Sendo:

IMO :son os ingresos medios de operacións en todo o estado

IOM : son os ingresos totales por operacións dos operadores de telefonía móbil en todo o Estado

Núm. Clientes móbiles: son o número total de clientes (prepago e contrato) de ditos servizos de telefonía móbil en todo o Estado.

Artigo 7. Devengo e período impositivo.

A taxa devégase co inicio do uso privativo ou o aproveitamento especial do dominio público local cando se comeza a actividade e o 1 de xaneiro en exercicios sucesivos, sendo o período impositivo da taxa o ano natural.

Artigo 8. Xestión.

1.-As empresas explotadoras dos servizos de telefonía móbil contribuíntes da taxa deberán de presentar no concello, antes do 30 de abril de cada ano, no modelo que se aprobe en desenrolo desta ordenanza, declaración-liquidación correspondente ó exercicio inmediatamente anterior.

2.-A cantidade a ingresar, de forma simultánea á presentación da declaración-liquidación por ditas empresas, será o resultado de minorar a cota tributaria no importe dos pagos a conta realizados polo contribuínte no exercicio a que se refira.

3.-No suposto de que os pagos a conta realizados excedan da contía da cota da taxa, o importe do exceso compensarase no primeiro pago a conta que corresponda efectuar trala presentación da declaración-liquidación.

4.-As empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil contribuíntes pola taxa deberán autoliquidar e ingresar no Concello, cada trimestre, nos modelos que se aproben en desenrolo desta ordenanza, en concepto de pago a conta da taxa, a cantidade que resulte de aplicar o tipo do 1,5% á cuarta parte dos ingresos medios por operacións no termo municipal, calculados segundo os datos do último informe anual publicado pola Comisión Del Mercado de las Telecomunicaciones.

5.-A autoliquidación e ingreso dos pagos a conta realizarase nos vinte primeiros días naturais do mes seguinte á finalización de cada trimestre.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009 permanecendo en vigor ata a súa modificación o derogación expresa.”

Aberto o turno de intervencións, (..../....)

Rematadas as intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 4 de novembro de 2008 que deven en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que no tema da modificación das ordenanzas fiscais, a proposta que levaron eles o ano

pasado era que non se subiran máis que o IPC e resulta que este ano non se sube o IPC e se sube naquelas taxas que non afectan ao groso dos vecinos; que na comisión mantiveron que no tema da telefonía móbil a repercusión da taxa sempre vai ser para os usuarios pero que, por outro lado son conscientes tamén do principio de desigualdade que se pode xerar porque outros concellos a teñen imposta , o que xustifica o seu voto a favor.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 7 de novembro 2008 sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 7 de novembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

6º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 23 REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

A continuación dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 7 de novembro de 2008 relativo ao asunto epigradiado, que transcrito di:

“4.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 4 de novembro de 2008 relativa ao asunto epigrafiado que, transcrita di:

”PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- MODIFICACION DAS ORDENANZAS FISCAIS Nº 23 REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCION MECANICA .

En relación co expediente de modificación das ordenanza fiscal nº 23 reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica, e visto o informe emitido pola Intervención municipal con data de 4 de novembro de 2008, pola Alcaldía de conformidade co establecido no artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propónse ó Pleno, previo dictame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación das ordenanzas fiscais nº 23 reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica que se transcribe a continuación no Anexo.

Segundo.- De acordo co previsto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os acordos adoptados expóranse ó público por un período de trinta días mediante anuncio inserto no boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello e nun diarios dos de maior difusión dos da provincia por ser un municipio de mais de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación algunha contra os acordos adoptados, entenderanse definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais.

En Fene, a 4 de novembro de 2008.

O ALCALDE

Asdo.- Iván Puentes Rivera”

“ANEXO

ORDENANZA FISCAL Nº 23, REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA.

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL2/2004, de 5 de marzo en relación co artigo 59 do mesmo texto legal, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 23 reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, modificándose nos seguintes termos:

Modifícase o artigo 10º na citada ordenanza que queda redactado como se expón a continuación:

Exencións

Artigo 10º.

Estarán exentos do impostos os vehiculos incluídos no artigo 93.1 do Real Decreto 2/2004. Para poder obter as exencións ás que se refire o parágrafo e) do apartado 1 do artigo 93 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, os interesados deberán instar a súa concesión ó longo de todo o exercicio, indicando as características do vehículo, a súa matrícula, a causa do beneficio e acreditar mediante a presentación da documentación na que conste a realidade do alegado. As exencións concedidas surtirán efectos no exercicio seguinte a aquel no que se concedan.

Con carácter xeral, as exencións non terán carácter retroactivo, non obstante, cando o beneficio fiscal se solicite antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data do devengo do imposto concorren os requisitos esixidos para o seu recoñecemento.

A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia.

No caso dun certificado de minusvalía de carácter **non definitivo, esta solicitude deberá renovarse cada ano**, presentado os documentos necesarios. O prazo de solicitude nestes casos comezará o 1 de xaneiro e rematará o derradeiro día do mes de febreiro.

Aqueles vehículos que, por mor da minusvalía do seu propietario, estean adaptados ás necesidades dos mesmos non terán a obriga de renova-la mesma tódo-los anos.

Xunto coa petición de exención regulada no parágrafo f) do apartado 1 do artigo 93 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, os interesados deberán adxunta –la seguinte documentación:

a) Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

- 1.- Fotocopia cotexada do certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellaría de Asuntos Sociais, no que conste o grao e a clase de discapacidade padecida.
- 2.- Fotocopia cotexada do permiso de condución (anverso e reverso). Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 3.- Fotocopia cotexada do permiso de circulación a nome do minusválido. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 4.- Fotocopia cotexada da póliza de seguro do vehículo no que figure o condutor habitual do mesmo. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 5.- Fotocopia cotexada do DNI.
- 6.- Fotocopia cotexada da ficha técnica do vehículo.
- 7.- Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

8.- Estar empadroado no Concello de Fene.

Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do Concello por todos os conceptos.

Ós efectos da presente ordenanza servirá como acreditación do “uso exclusivo do vehículo” a fotocopia cotexada da Póliza do Seguro do vehículo, onde debe constar EXCLUSIVAMENTE o beneficiario da exención.

Sin prexuízo das comprobación que poderá levar a cabo a Policía Local sobre o mesmo.

b) Vehículos destinados ao transporte de minusválidos:

- 1.- Fotocopia cotexada do certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellaría de Asuntos Sociais, no que conste ademais do grao de minusvalía se o minusválido ten necesidade de asistencia de terceiras persoas e se ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo.
- 2.- Fotocopia cotexada do permiso de circulación a nome do minusválido. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 3.- Fotocopia cotexada da póliza de seguro do vehículo. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 4.- Fotocopia cotexada dos DNI do minusválido e do condutor habitual do vehículo.
- 6.- Fotocopia cotexada da ficha técnica do vehículo.
- 7.- Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.
- 8.- Estar empadroado no Concello de Fene.

No caso das renovacións das exencións, os suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas no exercicio anterior e que queiran seguir sendo beneficiarios deberán entregar no Concello a solicitude de exención segundo o modelo existente a tales efectos, a fotocopia do DNI compulsada do beneficiario, a notificación do acordo de concesión da exención para o exercicio anterior, copia compulsada da póliza de seguro do vehículo e certificado do grao de minusvalía (en vigor) expedido polo órgano competente.

Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do Concello por todos os conceptos, así como ao oportuno informe, en caso necesario, da policía local.

As exencións que no seu caso se concedan, non serán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

Non se considerará que o vehículo é para “uso exclusivo do minusválido”, e polo tanto non se entenderá xustifico o destino de dito vehículo, cando do certificado expedido pola Consellaría de Asuntos Sociais non se deduza que o minusválido ten DIFICULTADES GRAVES DE MOBILIDADE que lle impidan a utilización do transporte colectivo.

Disposición final

A presente modificación da ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Concello será de aplicación no exercicio 2009 logo da súa publicación íntegra no boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Aberto o turno de intervencións (.../....)

Rematadas as intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos

Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 4 de novembro de 2008 que deven en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 7 de novembro 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 7 de novembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

7º.- DESAFECTACIÓN DA PARCELA DE REFERENCIA CATASTRAL 5526509NJ6152N0001BG, SITA NO CAMIÑO DE CARRIL, 7, NA QUE EXISTE UN EDIFICIO DESTINADO Á ANTIGA ESCOLA UNITARIA DE CARRIL.

De seguido dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 20 de novembro de 2008 relativo ao asunto epigrafiado, que transcrito di:

“2º.- DESAFECTACIÓN DA PARCELA DE REFERENCIA CATASTRAL 5526509NJ6152N0001BG SITA NO CAMIÑO DE CARRIL, 7 NA QUE EXISTE UN EDIFICIO DESTINADO Á ANTIGA ESCOLA UNITARIA DE CARRIL.

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 12 de novembro de 2008 que, transcrita di:

PROPOSTA

Visto o expediente incoado para a cesión, previa desafectación, ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar da antigüa escola de Carril

Resultando que polo Pleno da Corporación en sesión de data 27 de xuño de 2008 acordouse cambiar o uso da parcela sita no camiño do Carril, 7, barallobre, no cal existe un edificio destinado á antiga escola unitaria de Carril (ref.Cat.5526509NJ6152N0001BG), de equipamento especial pola de equipamento educativo para destinala ao uso de gardería.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia número 163, de data 16 de xuño de 2008 publicouse o anuncio relativo ao cambio de uso acordado polo Pleno do Concello na sesión anteriormente referenciada.

Vista a cédula de calificación urbanística emitida polo Arquitecto técnico municipal Don Evaristo Núñez García en data 21 de abril de 2008.

Visto o informe de Secretaría de data 18 de xuño de 2008 no que nos seus fundamentos de dereito di:

“ FUNDAMENTOS DE DEREITO

Cuestión previa

Con carácter previo cómpre deixar constancia de que o expediente examinado non se atopa numerado nin asinado en todas as súas follas útiles polo funcionario/a encargado/a da súa tramitación, tal e como preceptúa o artigo 164.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se formula a oportuna observación. Por tal motivo, as consideracións que seguen restan condicionadas ao repertorio documental examinado.

Primeiro.- A cesión gratuita de bens das Entidades locais ven regulada nos artigos 109 a 111 do Regulamento de bens das entidades locais(en adiante RBEL).

Conforme preceptúa o artigo 109.2 do RBEL, as Entidades locais poderán ceder gratuitamente a Entidades ou Institucións públicas bens inmobles de propios para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termino municipal.

A cesión gratuita require instrucción de procedemento, con arranxo aos requisitos e prescripcions do artigo 110 do RBEL, isto é:

- Acordo plenario adoptado có voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, previa instrucción do expediente, con arranxo aos seguintes requisitos:

- a) Xustificación documental pola propia entidade ou institución solicitante do seu carácter público e Memoria demostrativa de que os fins que se persiguen redundan de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do término municipal.*
- b) Certificación do rexistro da propiedade acreditativo de que os bens se atopan debidamente inscritos en concepto de patrimoniais da Entidade Local.*
- c) Certificación do Secretario da Corporación na que conste que os bens figuran no inventario aprobado pola Corporación coa antedita calificación xurídica.*
- d) Informe da Intervención de fondos no que se probe non ter débeda pendente de liquidación con cargo ao presuposto municipal.*
- e) Dictáme suscrito por técnico que asevere que os bens non se atopna comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, non son necesarios para a entidade local nin é previsible que o sexan nos dez anos inmediatos.*
- f) Información pública por prazo non inferior a quince días.*

Se o valor do ben obxecto de cesión sobrepasa o 25 % da contía do presuposto ordinario de ingresos do Concello, habería que solicitar a autorización da Consellería competente da Xunta de Galicia. Noutro caso, soamente se lle habería de dar conta, enviando tamén copia do expediente.

Por outra banda, de acordo có disposto polo artigo 113 do RBEL, cómpre ter en conta que antes de iniciarse os trámites conducentes ao alleamento do inmovible debe procederse a depurar a situación física e xurídica do mesmo, practicándose o deslinde, se fose necesario, e inscribíndose no Rexistro da Propiedade, se non o estivese.

A cesión gratuita de bens pódese facer:

- a) A Entidades ou Institucións Públicas.*
- b) A institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro.*
- c) Aos organismos competentes de promoción da vivenda.*

Os fins para os que se ceden deben redundar en beneficio dos habitantes do termino municipal. O ben debe ser inmovible e PATRIMONIAL.

Establece o artigo 111 do RBEL que se os bens cedidos non fosen destinados ao uso dentro do prazo sinalado no acordo de cesión , ou deixaran de selo posteriormente, considerarase resolta a cesión e revertirán aqueles á Corporación local, a cal terá dereito a percibir da Entidade beneficiaria, previa tasación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos.

Resulta, polo tanto, que a cesión gratuita de bens inmobles a Entidades ou Institucións públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do término municipal debe vir referida a bens patrimoniais e cumprirse todos os requisitos e trámites anteriormente sinalados.

Segundo.- Entrando no estudio do suposto que nos ocupa, , na cédula de calificación urbanística emitida polo Arquitecto técnico municipal Don Evaristo Núñez García de data 21 de abril de 2008 sinálase polo referido técnico, entre outras cousas que:

*“... **Parcela.-** Da consulta efectuada á Oficina Virtual do Catastro, se deduce que se trata da parcela de Referencia Catastral 5526509NJ6152N0001BG do Imposto sobre Bens Inobles de Natureza Urbana.*

Propiedade.- Concello de Fene, CIF P 1503600G e domicilio social na Av do Concello, s/nº. Fene 15500.A Coruña

Rexistro da Propiedade de Pontedeume. Ben inscrito: Escola de Carril (Tomo 362, Libro 58, Folio 237, Fica 5484).

Inventario municipal de Bens. Ben Inmable Escola do Carril (Código 1-01-00022, Data de alta 01/05/98, Natureza Urbana- Construcción, Natureza do dominio Demanial-servizo público-escola, Adquisición 30/06/53, Título Doazón, Plano do inventario nº 54).

Non obstante o anterior, en relación có Inventario, compre indicar que no aspecto formal o documento que se atopa na Oficina técnica municipal non figura con dilixencia que acredite a súa aprobación polo pleno nin está autorizado co selo da Corporación e as sinaturas de alcalde e secretario de acordo ao procedemento previsto no artigo 32 do RD 1372/1986 de 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, polo que debe facerse a oportuna salvedade en canto á identidade do seu contido có acordo municipal de aprobación.....”

En canto a inscrición do ben que se pretende ceder no Rexistro da propiedade, cómpre sinalar que consta no expediente unha certificación da Sra. Rexistradora da propiedade de Pontedeume de data 5 de febreiro de 2008 referida á inscrición a favor do Concello de Fene dunha finca ao folio 237 do Tomo 362 do Arquivo, Libro 58 do Concello de Fene, finca 5.484. En relación a dita certificación sinalar , dunha parte que a superficie da finca rexistral a que se refire, excede da superficie da parcela de referencia catastral á que se refire á cédula urbanística e, por outro lado, que non consta a referencia catastral da parcela , polo que non resulta acreditado que dita finca rexistral se refira, á parcela que se pretende ceder. Ademáis no historial que se achega a dita certificación non consta a existencia no inmable á que se refire de edificación algunha .

En atención ao exposto, a xuízo da que subscribe, cómpre clarefexar os extremos citados, debendo procederse con carácter previo á identificación dun xeito claro e preciso do do ben cuxa cesión se pretende, e realiza-los trámites necesarios tendentes a depura-la situación física e xurídica do mesmo, procedendo , asimesmo,a inscrición da edificación existente no mesmo no Rexistro da propiedade.

En canto á natureza xurídica do ben , o Arquitecto Técnico municipal , na cédula urbanística sinala , como se indicóu: “Inventario municipal de Bens. Ben inmable Escola do Carril (Código 1-01-00022, Data de alta 01/0/98, Natureza Urbana – Construcción, natureza do dominio Demanial-servizo público-escola, Adquisición 30/06/53, Título Doazón, Plano do inventario nº 54....”

No documento que obra nesta Secretaría denominado “Inventario xeral dos bens e dereitos correspondentes a esta Corporación confeccionado con referencia ó 31 de decembro de 1999” figura có código 1-01-00022, un ben denominado “Escola de Carril”, sinalándose no apartado “Natureza do dominio” “DEMANIAL, servizo público, escolas”.

Agora ben , respecto de do inventario de bens cómpre facer as seguintes observacións , postas de manifesto por esta Secretaría en anteriores informe:

- Segundo certificación de Secretaría de data 9 de outubro de 2001, o Pleno da Corporación en sesión de data 4 de outubro de 2001 adoptóu, entre outros,o acordo de prestar aprobación provisional ao Inventario de bens redactado pola empresa Tecno Agrícola,S.L., tal e como se recolle na proposta transcrita no mesmo

-Segundo certificación de Secretaría de data 8 de febreiro de 2002, a Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada en data 7 de febreiro de 2002 adoptóu o acordo de tomar coñecemento da aprobación definitiva do Inventario de bens.

- Non constan, salvo erro ou omisión, posteriores acordos relativos á actualización do Inventario da Corporación.

- Polo que respecta ao documento material, nesta Secretaría atópase un documento que leva por título “Inventario xeral dos bens e dereitos correspondentes a esta Corporación confeccionado con referencia ó 31 de decembro de 1999”

- O documento examinado non leva ningunha dilixencia que confirme que foi o obxecto dos acordos plenarios anteriormente citados, nin está autorizado polo Secretario da Corporación có visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, tal e como establece o artigo 32.1 do Real decreto 1732/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais e as páxinas que contén non se atopan todas numeradas.

Polo tanto, dende o punto de vista formal, e sen prexuízo das consideracións, que, no seu caso, poidan facerse verbo do seu contido, cómpre informar que o documento que se atopa nesta Secretaría non ofrece garantías de autenticidade, dada a falta de dilixencia que acredite a súa aprobación e a falta de autorización polo Secretario da Corporación,

Por outra banda, non ten constancia esta Secretaría de que se teñan aprobadas as rectificacións anuais do inventario, polo que o seu contido pode estar desfasado, ao non incorporarse as novas altas, as baixas ou variacións patrimoniais resultado da xestión do Concello ao longo dos anos transcorridos dende a data de referencia do mesmo (31 de decembro de 1999).

Polo exposto, pola que subscribe se informa que o Inventario de bens que obra na Secretaría non constitúe unha base documental fiable polos motivos expostos, nin estar actualizado, polo se formula a oportuna advertencia e se informa da necesidade de proceder á súa actualización.

Á vista do sinalado, ao non ofrecer garantías de autenticidade nin constituir unha base documental fiable o Inventario de bens obrante nesta Secretaría, cómpre analiza-la natureza xurídica do ben cuxa cesión se pretende.

Para esclarecer esta cuestión, débese ter en conta que, segundo se indica na repetida cédula urbanística obrante no expediente : "... O conxunto, segundo Plan Xeral de Ordenación Municipal-Revisión 98 (en adiante PXOM/Rev.98) aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 23 de xaneiro de 2003 e publicado no B.O.P. nº 48 do 27 de febreiro de 2003, ten unha clasificación de SOLO URBANO cunha norma zonal de EQUIPAMENTO ESPECIAL: E.Es/Eq 52 SL Es. ()*

() Observación.- Dase aquí por reproducida a consideración efectuada polo Enxeñeiro de Camiños, C. E P. Municipal no apartado 4.1 do seu Informe Complementario sobre o asunto, de data 31/dicembro/2007:*

" Aínda que no plano 1 extraído do PXOM/Rev.98 se indica que a calificación de solo correspondente a Equipamento Especial (E.Es./ Eq 52 SL Es.), no apartado 1.2 da Memoria indícase a consideración do Arquitecto autor de que si ben no P.X. se cita como Equipamento Especial (E.Es.) , debe tratarse dun erro de delineación debendo interpretarse como Equipamento Educativo, xustificándose esta interpretación no feito da similitude dos restantes equipamentos Educativos similares unificados en antigüas escolas..."

Sen prexuízo do que logo se dirá o, tendo en conta que no PXOM/Rev. 98 , segundo se informa polo técnico municipal, trátase dun equipamento, fánse as seguintes consideracións:

A alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais , como a de calquera Administración , consiste no cambio na natureza por afección a un uso ou servizo público ou por desafectación.

A afectación consiste en dar a un ben patrimonial a natureza e réxime xurídico de ben de dominio público ou comunal, todo elo en base ao cambio de destino e uso que experimenta.

Agora ben, á vista da normativa vixente, pódese distinguir entre unha alteración expresa e unha alteración tácita. Dentro deste último suposto atópase a aprobación definitiva dos plans de ordenación urbana e dos proxectos de obras e servizos. Así o establece o artigo 8.4 do RBEL.

Este procedemento- como sinala Tomás Cobo Olvera na súa obra " Adquisición , utilización y enajenación de Bienes de las Entidades Locales"- non é propiamente unha alteración tácita, senón que o procedemento de alteración é distinto ao regulado no artigo 8 do RBEL, xa que a alteración prodúcese como consecuencia de levar a cabo outro procedemento.

Á vista do exposto, e tendo en conta que, segundo se sinala na cédula urbanística, o conxunto ten unha clasificación no Plan Xeral de Ordenación municipal- Rev. 98, de solo urbano, cunha norma zonal de Equipamento especial , así como o disposto no artigo 165.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, segundo o cal " Enténdese por terreos destinados a dotacións públicas os de titularidade do Concello ou, se é o caso, da Comunidade Autónoma que tende a satisfacer necesidades colectivas e implantar usos ou servizos públicos, tendo

o carácter de bens de dominio público”, a xuízo da informante, o ben cuxa cesión se pretende ten a consideración de ben de dominio público e servizo público.

O carácter de ben de dominio público do terreo fai preciso que se proceda ao estudio da posibilidade da cesión que se pretende á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Para elo é preciso partir do que establece o artigo 80 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, segundo o cal os bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescriptibles. A inalienabilidade dos bens de dominio público significa que non se poden allear bens de dominio público. A Lei, cando díx que este tipo de bens son imprescriptibles, os está defendendo fronte a terceiros; mentres que cando sinala que son inalienables, os está a protexer preferentemente fronte aos órganos decisorios da Entidade Local.

Resulta así, polo tanto, que ao ter o terreo cuxa cesión se pretende a cualificación xurídica de ben de dominio público, fáise necesario para poder proceder á súa cesión desproveelo de dito carácter, convertíndoo en patrimonial, é dicir, fáise precisa a previa desafectación do mesmo a través do procedemento previsto no artigo 8 do RBEL requeriéndose, polo tanto, a tramitación de expediente no que se acredite a súa oportunidade e legalidade, expediente que deberá ser resolto, previa información pública durante un mes, pola Corporación có voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da mesma.

Agora ben, débese ter en conta que, ao tratarse dunha escola, resulta de aplicación o disposto na disposición adicional 15ª da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, polo que a desafectación, a xuízo da que subscribe, require a autorización previa da Consellería competente da Xunta de Galicia.

Terceiro.- No informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal de data 21 de maio de 2007 sobre “Proxecto básico de edificación para uso de escola infantil (0-3 anos) no Carril/ Barallobre (Fene)”, sinalase, entre outras cousas, que : “ 4.1 No Plano U-2 indícase que a calificación do solo corresponde a Equipamento Educativo (E. Ed.) sendo que realmente o Equipamento é Especial (E.Es/ Eq 52 SL Es), como se recolle no propio plano U-2 e no plano adxunto extraído do PXOM/ Rev.98, de maneira que debe correxirse este erro material.

(.../...)

Sendo compatibles en calquera situación os Equipamentos Educativos (Ed) e Especiais (Es.) segundo cadro de compatibilidade do Plan Xeral.

En consecuencia, segundo Art. 8.11.3.2 o Concello poderá “asignar a calquera outra categoría calquera dos equipamentos que non sexan sistemas xerais ni dotación urbana estruturante sinalados polo Plan” e polo tanto, en opinión do funcionario que subscribe, o Equipamento Especial (E.Es.) pode ser asignado ou substituído por Equipamento Educativo (E.Ed.) ou ben considerar que existe un erro na asignación de E. Especial (Es.) á Escola do Carril, que debera ser E. Educativo (Ed.) e polo tanto proceder segundo previsto para a corrección de erros materiais no Ar. 1.1.8 a do PXOM/Rev.98...”.

Á vista de que no PXOM/ Rev.98, segundo se sinala polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, trátase dun equipamento Especial, a xuízo da que subscribe, procede o cambio de uso dos terreos, dacordo có procedemento previsto no artigo Artigo 47.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, que establece:

<<4.- O Concello pleno, por maioría absoluta do número legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do Plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes ou os espazos libres públicos>>

Cuarto.- Noutro orde de cousas, infórmase de que unha vez(previo o cumprimento dos trámites aos que se fixo referencia anteriormente) efectuada a cesión ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para proceder á execución das obras será preciso por dito Consorcio solicitar e obter tódalas autorizacións necesarias, entre elas as preceptivas licenzas municipais urbanística e de actividade.

En atención ao exposto, a xuízo da que subscribe, para proceder á desafectación e posterior cesión da escola e parcela obxecto do presente informe cómpre segui-los seguintes trámites:

- *Acordo do pleno da Coporación de cambio de uso dos terreos.*
- *Desafectación do ben, previa autorización da Consellería competente da Xunta de Galicia. Con carácter previo á desafectación cómpre realiza-los trámites tendentes a depura-la situación xurídica do ben, procedendo á inscrición da edificación existente no mesmo no Rexistro da Propiedade. Asimesmo, dada a non coincidencia das superficies que constan no Rexistro, catastro, cómpre asimesmo realizar os trámites par proceder a rectificar as superficies que constan no catastro e no rexistro da propiedade.*
 - *Cumprimentados os trámites anteriores, acordo de cesión adoptado polo Pleno da Corporación, previa información pública por prazo de quince días. É canto teño a ben informar. Non obstante, a Corporación acordará o que estime pertinente.”*

Considerando que no terreo cuxa cesión se pretende existe un edificio destinado á antiga escola unitaria de Carril polo que, dacordo có disposto na disposición adicional 15ª da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, a desafectación require a autorización previa da Consellería competente da Xunta de Galicia.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, de conformidade có dispsto na disposición adicional 15ª da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, a desafectación da antiga Escola do Carril- Barallobre.

Segundo- Altera-la cualificación xurídica do ben que a seguir se describe, desafectándoo do dominio público e quedando cualificado como ben patrimonial, ao obxecto de proceder á posterior cesión de uso do mesmo ao Consorcio Galego de Servizos e de Benestar, condicionando a eficacia do presente acordo a que pola Xunta de Galicia se autorice a desafectación solicitada no apartado anterior:

- Parcela de referencia catastral 5526509NJ6152N0001BG sita no Camiño Carril, 18, dunha superficie de 927 m2, e na que se atopa una edificación constuída de 330 m2 (antigüa Escola de Carril)

Lindeiros:

Norte: Camiño do Carril

Sur: Parcela de referencia catastral 5526510NJ6152N0001WG

Leste: Camiño do Carril

Oeste: Parcela de referencia catastral 15036A018002510000YT

Terceiro.- Someter o procedemento a información pública por prazo de un mes no Boletín oficial da Provincia e no Taboeiro de anuncios do Concello, para que poidan formularse as alegacións que se consideren convenientes.

Cuarto.- De non formularse reclamacións durante o trámite de información pública, e sempre e cando se teña autorizada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a desafectación da antita escola de Carril considerarase aprobada definitivamente a alteración da calificación xurídica do sobredito ben.

Fene, 13 de novembro de 2008.

O ALCALDE

Asdo: Iván Puentes Rivera.”

A continuación dáse conta do informe desfavorable de Secretaría de data 13 de novembro de 2008 que, transcrito di:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asto: Desafectación de terreo e escola do Carril para posterior cesión ao Consorcio Galego de Servizos e do Benestar.

A funcionaria que subscribe, en relación ao asunto de referencia, e á vista da proposta da Alcaldía de data 13 de novembro de 2008, emite o seguinte **INFORME**:

En data 18 de xuño de 2008 por esta Secretaría emitíuse informe en relación ao asunto no que se ratifica a que subscribe e sa da por íntegramente reproducido.

En dito informe sinalóuse pola que subscribe que con carácter previo á desafectación cómpre realiza-los trámites tendentes a depura-la situación xurídica do ben, procedendo á inscrición da edificación existente no mesmo no Rexistro da Propiedade. Asimesmo, dada a non coincidencia das superficies que constan no Rexistro, catastro, cómpre asimesmo realizar os trámites par proceder a rectificar as superficies que constan no catastro e no rexistro da propiedade.

Non consta que os devanditos trámites se teñan realizados. Por outra banda, dado que, segundo resulta do historial que se achega á certificación da Sra. Rexistradora da propiedade de Pontedeume de data 5 de febreiro de 2008, o terreo foi doado con destino á construción dunha escola unitaria de nenos e nenas con casa habitación para os señores mestres e coa condición de que se no prazo de tres anos a partires da data da escritura non foran iniciadas as obras, o terreo revertirá e volverá á propiedade do donante , entende esta Secretaría que con carácter previo, ademáis do anterior, deberíase proceder á cancelación de dita condición resolutoria, ben coa autorización do propietario ou, no seu caso, dos seus herdeiros, ou ben mediante resolución xudicial (artigo 82 Lei Hipotecaria).

Polo exposto , ao non terse realizados os trámites aos que se fixo referencia, infórmase desfavorablemente a proposta da Alcaldía de data 12 de novembro de 2008.

É o que expoño neste informe que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

Fene, 13 de novembro de 2008.

A SECRETARIA

Asdo: Pilar María Pastor Novo.”

Aberto o turno de intervencións (.../....)

Rematadas as intervencións, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda con catro (4) votos a favor (dos/as Sres/Sras Polo Gundín, Rodríguez Carballeira, Roca Requeijo e Sánchez Martínez), ningún voto en contra e coa abstención dos Sr/a Franco Casal e Bértoa Puente dictaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 12 de novembro de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 20 de novembro 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 20 de novembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

8º.- PROXECTO DE ABASTECIMENTO DE AUGA A MAGALOFES, MODIFICADO.

Acto seguido dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 28 de novembro de 2008 que transcrito di:

“2º- PROXECTO DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN MAGALOFES.

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 26 de novembro de 2008 que transcrita di:

“PROPOSTA

Visto que en data 4 de Xaneiro de 2007 o Pleno da Corporación acordou aprobar o proxecto técnico da obra “PROXECTO CONSTRUCTIVO DE ABASTECIMENTO DE AUGA A MAGALOFES”, redactado polo enxeñeiro de Camiños Don Marcelino López Méndez, cun presuposto de execución por contrata de 823.706,11€, condicionando a eficacia do presente acordo á obtención da autorización autonómica, e a do Ministerio de Fomento/Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, como titular da N-651, Deputación Provincial de A Coruña, como titular da CP-3503 e da Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio,Cultural como organismo competente no tramo do Camiño de Santiago (“Camiño Ingles”) en Rego da Moa, así como aos informes favorables da autoridade sanitaria e de AQUAGEST. “.

Vista que con posterioridade á aprobación do proxecto citado foi necesario modificar o proxecto orixinario; modificación xustificada, entre outros motivos, pola imposibilidade de adquisición polo Concello nun prazo razoable da parcela necesaria para o emprazamento do depósito de cola previsto no proxecto, polo que a necesidade de ubicación a unha certa cota que permita posteriores ampliacións de rede a partir do depósito de cola obriga á búsqueda dunha alternativa que require unha maior lonxitude de conduccións e outras modificacións.

Visto o “Proxecto construtivo de abastecemento de auga á Magalofes”, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Marcelino López Méndez de data outubro de 2008.

Visto o informe do enxeñeiro municipal de camiños, canles e portos municipal de data 15 de outubro de 2008, que transcrito di:

“Asto.: INFORME SOBRE “PROXECTO CONSTRUCTIVO DE ABASTECIMENTO DE AUGA A MAGALOFES”. Consultor: PROYFE, S.L.. Autor: Enxeñeiro de Camiños D. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ. Outubro 2.008. Importe total investimento: 1.009.686,97 €

Refs.: A) PROXECTO CONSTRUTIVO DE ABASTECIMENTO DE AUGA A MAGALOFES”. Consultor: PROYFE, S.L.. Autor: Enxeñeiro de Camiños D. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ. Novembro 2.006. Importe total investimento: 823.706,11 €.

B) Informe do Enxeñeiro de Camiños Municipal sobre o proxecto A) de 3 de xaneiro de 2.007.

C) PROXECTO CONSTRUTIVO DE ABASTECIMENTO DE AUGA A MAGALOFES”. Consultor: PROYFE, S.L.. Autor: Enxeñeiro de Camiños D. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ. Outubro 2.008. Importe total investimento: 1.009.686,97 €.

En relación co proxecto do asunto C), modificado do inicial A) xa informado favorablemente en data 3 de xaneiro de 2.007, si ben condicionado aos restantes informes sectoriais e de Administracións alleas ao Concello afectadas polas obras, o Enxeñeiro de Camiños Municipal emite o seguinte informe ao documento C):

1.- O Proxecto do asunto inclúe obras fundamentalmente de abastecemento parcial á parroquia de Magalofes, co seguinte resume de unidades:

- Arranque de abastecemento no depósito ubicado á cota +195 en Vilar do Colo / Barallobre, e conducción por gravidade mediante tubería de FD ϕ 150 mm que discorre bordeando o cemiterio municipal e pola estrada provincial CP-3503, cruza a N-651 en Rego da Moa mediante perforación dirixida entubada e segue pola mesma CP-3503 ata unha estación de bombeo situada na beira desta estrada á cota +165. Lonxitude deste tramo 2.327 m.
- Rede de distribución a Rego da Moa mediante tubería de PE ϕ 90 mm, nunha lonxitude de 503 m.
- Estación de bombeo situada á cota +165 m na beira da estrada CP-3503.

Inclúe depósito de formigón, caseta, equipo de impulsión formado por dúas bombas multietapa horizontais (unha de respeto) con motor de 76 kW de potencia, modem GSM industrial, sistema de envío de sinais con dispositivos emisor e receptor, etc.

- Conducción de impulsión mediante tubería de PE de ϕ 160 mm ata depósito regulador final de cola á cota aprox. + 332, dunha lonxitude de 3.130 m.
- Depósito regulador final de cola en As Picas á cota aprox. +332, de formigón armado apoiado no solo (non elevado) dun volume total de 500 m³, e volume máximo aprox. 455 m³, cun volume útil aproveitable de aprox. 380 m³ e planta cadrada de 14,85 m de lado e 2,80 m de altura.
- Rede de distribución (parcial) de Magalofes entre o depósito final de cola á cota aprox. + 330 e o punto de bombeo con tuberías de FD de ϕ 150 mm (490 m) e FD de ϕ 100 mm (2.640 m).
- Accesorios para funcionamento da rede: válvulas, ventosas, derivacións, etc.
- Reposicións de pavimentos afectados de tipo firmes asfálticos, aglomerados e formigón.

Ainda que non figura nos antecedentes da Memoria, xustifícase a modificación respecto do proxecto A) pola imposibilidade de adquisición polo Concello nun prazo razoable da parcela necesaria para emprazamento do depósito de cola previsto no proxecto A, polo que a necesidade de ubicación a unha certa cota que permita posteriores ampliacións de rede a partir do depósito de cola obriga á búsqueda dunha alternativa que require unha maior lonxitude de conduccións, así como outras modificacións.

En definitiva, existen razóns de tipo técnico que xustifican a realización da modificación que da orixe ao proxecto C).

2.- O proxecto C) inclúe os documentos básicos ou mínimos necesarios requeridos polo Art. 107 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (L.C.S.P.) e 125 a 133 do Regulamento da L.C.A.P.: Memoria e anexos (incl. Estudio de Seguridade e Saúde), Planos, Prego de Condicións e Presuposto, para a definición das obras, si ben proceden as observacións puntuais que seguen.

3.- A análise de demanda realízase no Anexo 5 á Memoria, donde se recolle que o ano horizonte previsto é o 2.032, establecéndose unha dotación de cálculo de 250 l/hab.día e unha poboación para o ano horizonte de 2.167 habitantes, cun caudal punta de 15,05 l/s e $f_p = 2,4$.

Debe considerarse que a dotación final no ano horizonte estímase en 2.167 habitantes servidos fronte aos 839 de poboación actual (considerando unha posible extensión a parte da parroquia de Sillobre en San Marcos). No Proxecto indícase que non cabe aplicar a Fene ningunha das metodoloxías usuais para prognos da evolución poboacional debido ás condicións previas segundo as cales podería darse unha progresiva redución si se considera a tendencia máis recente, que pode ser modificada á vista de certas circunstancias, consideracións que comparte o técnico que suscribe.

No proxecto non se contempla, para Rego da Moa, a reactivación do equipamento constituído polo antigo Colexio "Los Hexágonos" (fóra de servizo como tal actividade docente), no que existe en tramitación con aprobación e pendiente de solicitude de licenza de obras e actividade un Plan Especial de Equipamento para Dotación Asistencial, cunha previsión de 150 usuarios e 200 personas como

número total de poboación no centro o que, si se chega a aprobar e poñer en servizo suporá unha poboación equivalente superior á actual de Rego da Moa.

Sen embargo, considerando que o bombeo está situado posteriormente a Rego da Moa e que esta instalación poderá funcionar en réxime de horas valle, considero que a solución seguirá sendo válida mesmo co incremento de poboación equivalente que suporá a devandita dotación asistencial unha vez entre en funcionamento.

Tanto o criterio xeral de emprazamento e trazado das conduccións como os materiais empregados e outros parámetros básicos como dotación de cálculo, factor de punta, etc., son axeitados en interpretación do enxeñeiro que suscribe polo que en canto a tales aspectos o proxecto é correcto.

O mesmo criterio de emprazamento por razóns técnicas de cota e funcionamento do bombeo e depósito final de regulación de cola son correctos, coas reservas que máis adiante se apuntarán por razóns da clasificación do solo no que se ubican e pola conformación do propio depósito.

4.- O Anexo 9 de expropiacións cita o propio proxecto como base documental para tramitación das autorizacións sectoriais dos titulares dos dominios públicos viarios afectados. Isto é correcto pero debe indicarse que, aparte dos viais afectados existen dúas parcelas de necesaria ocupación definitiva por elementos inmobles da instalación: bombeo e depósito de cola, que requiren dispoñer da titularidade das mesmas.

Ademais do anterior, a zona de cruce da N-651 mediante perforación horizontal entubada pode requirir (non existe plano de detalle do cruce pero seguramente requirirá de forma efectiva) a utilización parcial subterránea dunha parcela para emprazamento do equipo de perforación e mesmo paso da conducción, para o que se precisará a oportuna autorización detallada ou expropiación da zona afectada.

Polo tanto, si ben o proxecto contén planos de planta de ocupación de emprazamento do bombeo e do depósito de cola, non se inclúe a titularidade ou disponibilidad das respectivas parcelas a favor da Administración Municipal ou da que vai resultar responsable da execución, o que deberá ser tramitado polo Concello previamente á elaboración da acta de replanteo prevista no Art. 110 da L.C.S.P.

Idem. polo que se refire á parcela de ocupación parcial pola perforación horizontal entubada baixo a N-651 en Rego da Moa.

5.- No proxecto non figura unha memoria ou xustificación urbanística de admisibilidade da actuación polo que proceden as seguintes observacións (véxanse planos adxuntos a este informe no que se recolle sobre os planos extraídos dos 22.31 e 22.32 de “Clasificación do solo e usos globais. Estrutura orgánica do territorio” do PXOM/Rev. 98 de Fene a traza das conduccións e emprazamento de bombeo e depósito de cola).

- A conducción discorre pola beira ou cruza viais incluídos no Sistema Xeral de Comunicacións Viario (SGCV: CP-3503, FE-14) de titularidade allea ao Concello ou viais de titularidade municipal que á súa vez discorren por distintos tipos de solo: S.U.C.R.; S.R.A.U.; S.R.E.P.A.; S.R.E.P.R.

As infraestruturas viarias, mesmo do SGCV, son habitualmente soporte de redes de servizos (abastecemento, saneamento, etc.) polo que haberá de estarse ao que no seu caso poidan condicionar os respectivos titulares, sin que se condicione pola ubicación do servizo o uso principal viario.

- A impulsión situada á beira da CP-3503 próxima a Rego da Moa emprázase en S.R.A.U.

O S.R.A.U. asimílase ao Solo Rústico de Protección Ordinaria dos Arts. 33 a 36 da L.O.U.P.M.R.G. polo que lle resulta de aplicación as previsións alí recollidas.

Dentro dos usos permitidos por licenza municipal o Art. 33.2.f) recolle: *“Instalacións necesarias para ... a infraestrutura hidráulica e as redes de ... abastecemento de auga ... sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. En todo caso, as edificacións necesarias para o funcionamento das infraestruturas e servizos técnicos en solo rústico*

que superen os 50 metros cadrados edificadas precisarán autorización autonómica previa á licenza urbanística municipal, segundo o procedemento establecido polo artigo 41 deste lei."

O edificio de bombeo ten unha superficie construída ("edificada") de 21,19 m², inferior a 50 m². Polo tanto, podería ser de licenza directa municipal coa interpretación de que nin o S.R.A.U. nin o solo urbano aos que serve a instalación modifican a situación urbanística recollida no PXOM/Rev. 98 de Fene vixente.

En todo caso, e como se verá seguidamente precisarase tramitación para autorización autonómica por outros elementos polo que todo o proxecto se pode analizar á vista do seguinte.

- O depósito regulador de cola emprázase en S.R.E.P.A. (Solo Rústico de Especial Protección Ambiental), asimilable neste caso ao Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria, Forestal ou de Infraestruturas do Art. 37 da L.O.U.P.M.R.G.

O depósito ten unha superficie construída ("edificada") de 238,02 m², superior a 50 m².

Dentro dos usos permitidos por licenza municipal neste tipo de solo o Art. 37.1 recolle os do Art. 33.1.f) xa citados: "*Instalacións necesarias para ... a infraestrutura hidráulica e as redes de ... abastecemento de auga ... sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. En todo caso, as edificacións necesarias para o funcionamento das infraestruturas e servizos técnicos en solo rústico que superen os 50 metros cadrados edificadas precisarán autorización autonómica previa á licenza urbanística municipal, segundo o procedemento establecido polo artigo 41 deste lei."*

Polo tanto, a condición superficial do depósito (238,02 m² > 50 m².) e o seu emprazamento obriga necesariamente á tramitación da autorización autonómica segundo establecido no Art. 41 da L.O.U.P.M.R.G.

A este respecto debe indicarse que, para a citada tramitación, haberán de xustificarse as "condicións xerais das edificacións en solo rústico" recollidas no Art. 42 da L.O.P.M.R.G. e si ben debe terse en conta que a un depósito de auga non se lle poden aplicar condicións relativas a *tipoloxías rurais tradicionais do contorno, características tipolóxicas ou características construtivas acordes coas construcións tradicionais do contorno*, sí podería requirirse que por estar o depósito emprazado en solo rústico de especial protección "*... para o acabado das edificacións empregárase a pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona ...*" (Art. 42), o que modificaría aspectos de acabados do depósito supoñendo, en principio, un maior custo que o previsto no proxecto.

Xunto ao anterior establécese para as edificacións a condición de que a superficie máxima ocupada en planta non excederá do 20% da superficie do predio, ademais de que os recuamentos das construcións aos lindes das parcelas non poderán ser inferiores a 5 metros.

A citada condición de ocupación require pois que a parcela de emprazamento do depósito posúa unha superficie non inferior a $238,02 / 0,20 = 1.190,10$ m² (segundo plano 6.1, folia 1 de 1, da medición sobre topografía resulta unha superficie non inferior a 3.200 m²) o que se deberá xustificar na documentación a tramitar á C.P.T.O.P.T. para obtención da autorización previa autonómica.

En todo caso, condicións similares de superficie da parcela do bombeo para porcentaxe de ocupación e retranqueos haberán de xustificarse para esta instalación e parcela polo que deberá dispoñerse dos datos escriturais das mesmas.

- Dentro do S.R.A.U. de Rego da Moa a conducción de distribución dispórase polo vial que, si ben non está recollido explícitamente dentro dos elementos catalogados do PXOM/Rev. 98, corresponde ao denominado "Camiño Inglés" polo que resulta asimilable neste caso ao Solo Rústico de Protección do Patrimonio Cultural do Art. 38 da L.O.U.P.M.R.G.

Sin prexuízo de que dentro dos usos permitidos por licenza municipal neste tipo de solo o Art. 38.1 recolle os do Art. 33.1.f) xa citados: "*Instalacións necesarias para a infraestrutura hidráulica e as redes de ... abastecemento de auga ... sempre que non impliquen a urbanización ou transformación*

urbanística dos terreos polos que discorren. En todo caso, as edificacións necesarias para o funcionamento das infraestruturas e servizos técnicos en solo rústico que superen os 50 metros cadrados edificados precisarán autorización autonómica previa á licenza urbanística municipal, segundo o procedemento establecido polo artigo 41 deste lei.”, polas especiais condicións e sensibilidade en canto a actuacións neste elemento patrimonial xeral debería requirirse o informe previo favorable de Patrimonio.

6.- Debo reiterar para coñecemento da Corporación e toma de consideración no seu caso do apuntado no punto 4.6 do informe de 19/12/2006 reiterado no 5 do de 3 de xaneiro de 2.007 respecto do deseño do depósito regulador de cola, agora desprazado en ubicación pero constituído ao igual que o anterior por un solo recinto, sin división interior.

Insistindo en que a solución proxectada é admisible, reitérase que técnicamente resulta sempre convinte que o depósito, aínda mantendo a capacidade total, dispoña de alomenos unha división interior (dous corpos de volume independentes) para permitir un emprego máis seguro, xa que en caso de existencia dalgunha fuga que deba ser reparada ou mesmo para limpeza periódica debido á acumulación de fango no fondo, no caso de inexistencia de divisións interiores o depósito deberá ser baleirado na súa totalidade, de maneira que a poboación de Magalofes quedaría sin servizo en tanto durasen as obras ou operacións no depósito máis o tempo de enchido alomenos parcial e desinfección.

7.- Asimesmo reitero a consideración do aptdo. 4.3 relativo a que no tramo servido na beira da CP-3503 en Rego da Moa, ao superarse a presión de distribución de 6 atmósferas recomendada pola Norma NTE-IFA, deberá terse en conta que probablemente haberán de dispoñerse pequenas reductoras de presión individuais en cada acometida xa que non resulta posible unha redución no tronco principal debido a que se estaría reducindo a propia presión de servizo para chegar ao bombeo.

8.- O abastecemento discorre parcialmente aínda que na maior parte do trazado pola beira da Estrada Provincial CP-3503 e cruza ademais a Estrada N-651, ambas dúas de titularidades respectivas da Deputación Provincial e Demarcación de Carreteras / Ministerio de Fomento.

Tanto por razóns técnicas como de prestación de servizo (o maior número de vivendas a servir sitúanse precisamente nas beiras dos referidos viais) a disposición dos tramos de abastecemento serve só a unha das beiras de cada vial.

Técnicamente é moi inconvincente, e ademais previsiblemente non o autorizaría a Deputación Provincial, facer pasos de calzada no fronte de cada vivenda a abastecer para a acometida á mesma polo que a Corporación debe prever que o servizo xeral polas beiras nas que non se dispón inicialmente a conducción haberá de facerse nunha fase posterior mediante novos ramais en paralelo.

9.- Si ben a obra civil e tubuladuras da caseta de bombeo e depósito están suficientemente definidas para execución, a acometida e instalación eléctrica para funcionamento de equipos requirirá a necesaria tramitación a Unión Fenosa e á Delegación da Consellería de Industria para o bombeo e depósito regulador de cola.

Polas experiencias previas anteriores similares Industria requirirá unha documentación detallada para tramitación incluíndo xustificación de cálculos de rede e acometida, seccións de condutores eléctricos, caídas de tensión e esquema unifilar das instalacións, así como “punto de entronque” á rede existente.

Esta información non figura no proxecto máis que de maneira xeral na definición das unidades de “U57EH502 : Cadro eléctrico P/ Grupo de bombeo” e “U99PA74 : Partida alzada a xustificar para acometida eléctrica a depósito dende rede de M.T. existente ...” e no Anexo 8 de “Cálculos eléctricos” no que se inclúe o cálculo da acometida do bombeo unicamente (non figura referencia á acometida en M.T./B.T. ao depósito) pero pode ser insuficiente para a tramitación citada a Industria e Unión Fenosa.

10.- O Proxecto inclúe a preceptiva declaración de obra completa.

Efectivamente a obra é completa e pode ser entregada ao servizo público. Sen embargo, debo deixar constancia do apuntado no punto 8 anterior no senso de que non se inclúen tramos de distribución en ambas marxes dos viais polos que discorre e é de prever que a Deputación Provincial, titular da CP-

3503, non permitirá realizar cruces en cada vivenda a servir cando a tubería principal discorra pola marxe oposta polo que se debería pensar nunha fase posterior de ampliación mediante colocación de tuberías paralelas para distribución, conectadas ás principais de instalación inicial.

As obras proxectadas só darán servizo, en principio, á poboación de ubicación directa á beira da conducción a instalar. Calquera ampliación de poboación servida polo abastecemento requirirá a correspondente ampliación da rede.

11.- En resume, o proxecto resulta tecnicamente admisible polo que procede informe previo favorable si ben debe facerse fincapé nas consideracións sobre optimización de funcionamento do depósito regulador e abastecemento parcial, aspectos citados nos aptdos. 6, 7 e 8 sobre os que a Corporación apreciará o que estime procedente.

12.- Reitérase que dado que se cruzan ou se discorre por viais maioritariamente non municipais (N-651 / Ministerio de Fomento; CP-3503 / Deputación Provincial) ou ben municipais pero con afeccións como é o caso do tramo do Camiño de Santiago ("Camiño Inglés") en Rego da Moa, deben requirirse as necesarias autorizacións aos seguintes organismos:

- Ministerio de Fomento / Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, titular da N-651.
- Deputación Provincial, como titular da CP-3503.
- Patrimonio, como organismo competente no tramo do Camiño de Santiago ("Camiño Inglés") en Rego da Moa.

Ademais da tramitación de autorización previa autonómica por razóns de emprazamento e superficie do depósito regulador de cola segundo previsto nos Arts. 33, 36, 37 e 41 da L.O.U.P.M.R.G.

Calquera posible condición que impoñan tales organismos deberá ser incluída no Proxecto previamente á aprobación definitiva e licitación no seu caso.

13.- Ademais do anterior e considerando que a lonxitude total dos novos tramos do abastecemento supera amplamente os 500 m, en aplicación do Art. 13.1 do Real Decreto 149/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios da calidade da auga de consumo humano, a autoridade sanitaria deberá elaborar un informe sanitario vinculante sobre o proxecto relativo a este aspecto, polo que a aprobación quedaría condicionada tamén en todo caso á cumplimentación de tal trámite en senso favorable aínda que técnicamente a solución proxectada é correcta en canto a materiais.

14.- O Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición establece no Art. 4 a obriga do produtor de R.C.D. de incluír no proxecto de execución da obra un estudo de xestión de residuos, que resultaría de aplicación ao bombeo e depósito (por exclusión das terras excavadas e reutilizadas en obra).

Ahora ben, dado que o devandito R. D. 105/2008 entrou en vigor o 14 de febreiro de 2.008 e que a disposición transitoria única exclúe de aplicación aos proxectos de obras de titularidade pública cuxa aprobación se produza no prazo de un ano dende a entrada en vigor, pola previsión de aprobación do proxecto antes do 14 de febreiro de 2.009, considérase que non resulta esixible o requirimento de inclusión de estudo de xestión de residuos xenerados na construción do depósito e bombeo do abastecemento.

15.- Finalmente, exposto todo o anterior debo facer referencia obrigada ao punto 1.3 do Prego da "Concesión da explotación dos servizos Municipais de Abastecemento de auga e da rede de Saneamento do Concello de Fene" adxudicado a AQUAGEST, no que se establece a *obriga do concesionario de informar a asesorar tecnicamente á Corporación sobre todo o relativo aos servizos de auga e rede de saneamento*, polo que, tendo en conta que o Proxecto analizado afectará sensiblemente á rede e condicións do abastecemento en Fene tanto pola nova lonxitude como polas instalacións de bombeo e depósito, procede de forma obrigatoria o informe de AQUAGEST que poderá condicionar as anteriores consideracións.

O que se informa en Fene, aos efectos oportunos, a 15 de outubro de 2.008. O Enxeñeiro de Camiños Municipal .Lino Ameneiro Seijo"

Visto o informe xurídico desfavorable emitido pola Secretaria xeral de data 15 de outubro de 2008 que transcrito di:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asto: proxecto constructivo de abastecemento de auga a Magalofes.

A funcionaria que subscribe, en relación ao asunto de referencia, ten a ben emiti-lo seguinte INFORME en base aos antecedentes e consideracións xurídicas que a seguir se expresan

ANTECEDENTES

Documentación examinada:

I.-Proxecto cosntructivo de abastecemetno de auga a Magalofes, no que na súa portada figura a data Outubro 2008.

II.- Informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal verbo do proxecto anteriormente citado, de data 15 de outubro de 2008.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Con carácter previo ao que logo se dirá cómpre sinalar o seguinte:

1.1.- O proxecto técnico que se examina figura redactado por D. Marcelino López Méndez, de PROYFE,S.L..Non consta a existencia de contrato de consultoría e asistencia entre este Concello e PROYFE para a elaboración do citado proxecto.

Cómrpe ter en conta que pola Intervención municipal en data 15 de outubro de 2007, emitíuse informe de fiscalización previa ao recoñecemento de obrigas derivadas, entre outras, de facturas de PROYFE S.L. por importes de 5.141,04, 4996,63, 1612,97 e 1393,90 e en data 27 de decembro de 2007 emitíuse informe de Intervención de fiscalización previa ao recoñecemento de obrigas derivadas dunha factura de PROYFE por importe de 9.366,82 euros e informóuse desfavorablemente as mesmas , sinalándose , entre outras cousas que “... O proveedor que factura, tras comprobar a contabilidade municipal do ano 2006 confirmase que foi obxecto de varias contratacións menores, polo que non cabe a contratación directa neste caso. Vulnerando neste caso os principios de acceso as licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos así como a non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos a prestar os diferentes servicios

c) Por outra banda deixando a un lado o control de legalidade da función interventora, desde unha perspectiva económica e de eficacia e eficiencia, infórmase pola que asina o presente informe que sería igualmente moi beneficioso para o concello a utilización dos procedementos establecidos na normativa contractual, de car a alcanzar os obxectivos de:

- a. estabilidade orzamentaria
- b. control do gasto,

A conclusión sería que acudir os procedementos establecidos; desde unha perspectiva económica financeira, suporía unha eficiente utilización dos fondos destinados a realización de obras, a adquisición de bens e a contratación dos servicios mediante aesixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, e salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente mais vantaxosa.”

Á vista do sinalado nos informes da Intervención municipal , por esta Secretaría infórmase que non cabe neste suposto a contratación menor polo que, sempre e cando se atopara debidamente xustificada a necesidade da contratación(mediante informe do servizo correspondente- artigo 73.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas) o contrato para a elaboración do proxecto débuse adxudicar a traves dos procedementos e formas de adxudicación establecidos na Lei de Contratos do Sector Público, dacordo cós principios de publicidade , libre concorrencia ,igualdade e transparencia, e a través dos procedementos regulados na citada Lei polo que se informa que o feito de contratar verbalment o servizo de elaboración de dito proxecto técnico sen seguir os trámites previstos na LCSP infrinxe a legalidade.

1.2.- Por outra banda, e dende o punto de vista formal, cómpre facer as seguintes observacións verbo do expediente examinado:

-O artigo 195.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establece que para o outorgamento das licenzas serán preceptivos informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa lexislación urbanística.

Cuando se trata de obras municipais, mediante a aprobación do proxecto técnico se realizan os mesmos controis das licenzas de obras e, por iso a substitúen e a fan innecesaria (Sentencia do Tribunal Supremo de 18-4-2000, entre outras), polo que en cumprimento do precepto anteriormente citado da LOUPMRG, deben emitirse os informes a que fai referencia dito precepto legal.

No informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal de data 15 de outubro de 2008 no apartado 5 do fánse unha serie de consideracións urbanísticas, se ben non se contén un pronunciamento expreso sobre a conformidade ou non coa lexislación urbanística do proxecto. No apartado 11 do referido informe sinalase que “En resume, o proxecto resulta tecnicamente.....”, polo que entende á que subscribe debería clarefexarse polo técnico municipal se coa expresión “tecnicamente”, refírese tamén aos aspectos urbanísticos.

Cómpre tamén sinalar que o proxecto que se presenta nesta Secretaría non contén ningunha dilixencia acreditativa de que é o mesmo o que se refire o informe do enxeñeiro municipal anteriormente citado.

- Non consta informe de supervisión do proxecto nin no proxecto dilixencia de dita supervisión . Ao tratarse dunha obra cun presuposto superior a 350.000 euros, , dacordo có disposto no artigo 109 da La Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, é preceptivo dito informe de supervisión do proxecto.

- Noutro orde de cousas, dado que o proxecto que se examina leva como título .”Proxecto cosntructivo de abastecemento de auga a Magalofes”, e que o Pleno da Corporación en sesión celebrada en data 4 de xaneiro de 2008 adoptóu, entre outros, acordo relativo a aprobación de proxecto de Abastecemento de auga a Magalofes coas condicións que no mesmo se expresan, o proxecto que agora se presenta debe definirse como proxecto modificado.

Entende, polo tanto, a que subscribe , sen prexuízo do que logo se dirá en canto ao fondo do asunto, que desde o punto de vista formal, cómpre con carácter previo subsanar os extremos anteriormente citados.

Segunda.- En canto ao fondo do asunto , e desde o punto de vista urbanístico:

2.1.- No infome do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal de data 15 de outubro de 2008, sinalase , entre outras cousas que “ *...A conducción discorre pola beira ou cruza viais incluídos no Sistema Xeral de Comunicacións Viario (SGCV:CP-3503, FE-14) de titularidade allea ao Concello ou viais de titularidade municipal que á súa vez discorren por distintos tipos de solo: S.U.C.R.; S.R.A.U.; S.R.E.P.A.; S.R.E.P.R....*”.

Á vista da clasificación dos solos polos que , segundo o técnico municipal, discorre a conducción, fánse as seguintes consideracións:

- En canto ao Solo Urbano :

Tendo en conta que, segundo se informa polo técnico muniipal, no apartado 1 do seu ifnorme, o proxecto do asunto inclúe obras fundamentalmente de abastecemento parcial á parroquia de Magalofes, a xuízo da que subscribe a categorización feita polo Planeamento (o técnico municipal indica que discorre, entre outros, por S.U.C.R.) non se axusta ao disposto no artigo 12 da lei 9/2002, de 30 de decembro, por canto, ao carecer do servizo de abastecemento de auga(o que se desprende do feito da obra que agora se pretende executar), non reúnen os terreos os requisitos que dito precepto fixa para poder ser considerados como solo urbano consolidado.

Existe, polo tanto, unha contradicción entre o que o Plan Xeral establece e a realidade física dos terreos, e nestes supostos, a xurisprudencia ven mantendo o que se denomina “ fuerza normativa de lo

fáctico”, é dicir, a prevalencia da realidade fáctica sobre as determinacións contidas no planeamento. Tendo en conta esta doutrina xurisprudencial, entende a informante que debe estarse á realidade fáctica, polo que, de terse clasificados os terreos como urbanos ésta clasificación só pode vir por consolidación da edificación(extremo éste(a consolidación pola edificación) que , en todo caso, procede determinar aos servizos técnicos municipais), polo que, no caso de fose procedente a súa clasificación como solo urbano, a súa categorización debería ser a de urbano non consolidado. E no solo urbano non consolidado, a Lei 9/2002, de 30 de decembro establece como un dos deberes dos propietarios o de custear e , se é o caso, executa-las obras de urbanización do polígono, así como as conexións cós sistemas xerais existentes, nos prazos establecidos polo planeamento. É dicir, os propietarios de terreos de solo urbano que carezan de urbanización consolidada deben asumir unha serie de deberes, entre os que se atopa o de custear, e, no seu caso, executar a urbanización. Deber que se corresponde có dereito dos propietarios a completar pola súa conta a urbanización necesaria para que aqueles alcancen se aínda non a tivesen, a condición de soar, segundo determina a citada Lei 9/2002, de 30 de decembro.

Polo tanto, o Concello debe proceder, como impoñen as normas urbanísticas, facendo cumprir os deberes dos propietarios do solo, exercitando as súas facultades administrativas, de maneira que se asegure o cumprimento da función social do dereito de propiedade, polo que a xuízo da que subscribe, se ben o Concello ten a obriga de presta-lo servizo de abastecemento de auga, infórmase que non se axusta á normativa vixente repercutir na colectividade o custo de implantación de servizos (neste caso, do abastecemento de auga) dos que se benefician en primeiro término uns concretos propietarios(neste caso os propietarios das parcelas ás que se lles dota do mesmo) aos que corresponde custear os mesmos con pleno respecto da equidistribución. (neste Sentido, sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana de data 10 de xuño de 2005).

Polo exposto, no suposto examinado o Concello ten a obriga de prestar os servizos de abastecemento de auga. Nembargantes, a xuízo da que subscribe, corresponde aos propietarios das parcelas ás que se lles dota do servizo custear o mesmo, polo que se informa que non se axusta á legalidade que neste caso as obras sexan custeadas polo Concello e outros organismos públicos.

- En canto ao Solo Rústico Apto para urbanizar e Solos Rústico de Especial Protección:

O artigo 36.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establece como un dos usos permitidos por licenza municipal en solo rústico de protección ordinaria os sinalados no artigo 33.1 f), é dicir “ Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.” Tamén os artigos 37.1, 38.1 e 39.1, polo que respecta aos solos rústicos de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestructuras, de especial protección das augas, as costas, de interese paisaxístico e de patrimonio cultural e de especial protección de espazos naturais respectivamente establecen como un dos usos permitidos por licenza municipal o sinalado no artigo 33.1.f)

Establece a Lei no artigo 33.1.f) anteriormente transcrito dúas condicións para poder autorizar as instalacións ou redes ás que fai referencia ; que non impliquen a urbanización ou a transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

A xuízo da que subscribe, o abastecemento de auga implica unha obra de urbanización , é dicir, aínda que as parcelas carezan doutros servizos, o certo é que dotarlles de abastecemento de auga supón unha certa urbanización das mesmas, polo que non se cumpre o sinalado no art.36.1 da referida Lei.

Agora ben, débese ter en conta que o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que *“Los Municipios por sí o asociados deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes: a) En todos los Municipios: Alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, accesos a los núcleos de población, pavimentación de las vías públicas y control de alimentos y bebidas(...).* En termos similares se pronuncia o artigo 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de admsinistración local de Galicia, ao sinalar que *“Los municipios, independientemente o asociados , prestarán, como mínimo, los siguientes servicios: a) En todos los municipios. Alumbrado público, cementerio, recogida slectiva, en su caso, de residuos,*

limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población, pavimentación y conservación de las vías públicas y control de alimentos y bebidas en todo lo que no sea competencia de otras Administraciones". E o artigo 18 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece que son dereitos e deberes dos veciños (...) g) esixir a prestación e, en todo caso, o establecemento do correspondente servizo público no suposto de constituir unha competencia municipal de carácter obrigatorio.

Polo tanto, á vista dos termos do artigo 33.1.f) da Lei 9/2002, entende á que subscribe que desde o punto de vista urbanístico non se axusta á legalidade en solo rústico dotar do servizo de abastecemento de auga. Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, á vista do disposto nos preceptos anteriormente citados da Lei 7/1985, de 2 de abril e da Lei 7/1997, de 22 de xullo, en relación a este extremo por esta Secretaría se considera procedente elevar consulta á Dirección xeral de urbanismo .

2.2.- Á vista do sinalado polo enxeñeiro municipal no apartado 4 do seu informe, debería o proxecto incluír no Anexo de expropiación

2.2.- Cómpre ter en conta a necesidade de obter a autorización autonómica, que debe en todo caso debe ser previa á aprobación do proxecto xa que , como se sinalou anteriormente, cando se trata de obras municipais, mediante a aprobación do proxecto técnico se realizan os mesmos controis das licenzas de obras e, por iso a substitúen e a fan innecesaria (STS de 18-4-2000, entre outras), e que , segundo o disposto no artigo 196.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, “ *Non se poderá conceder licenza sen que se acredite o outorgamento da autorización da Comunidade Autónoma cando fose procedente de acordo co disposto nesta lei*” Asimesmo, dado que polo técnico municipal infórmase (apartado 12 do seu informe) da procedencia de autorización de Patrimonio, infórmase que ésta debe ser tamén previa á aprobación do proxecto por canto o artigo 196.5 da citada Lei 9/2002 dispón que “ *En los restantes supuestos en que el ordenamiento jurídico exija, para la ejecución de cualquier actividad, autorización de otra administración pública en materia medioambiental o de protección del patrimonio histórico-cultural, la licencia municipal urbanística sólo podrá solicitarse con posterioridad a que haya sido otorgada la referida autorización.*”

Asemade, entende a que subscribe que deberían, con carácter previo , incorporarse as autorizacións dos organismos a que se refire o enxeñeiro municipal no seu informe de data 15 de outubro de 2008 e os informes santiario e de Aquagest, aos que tamén se alude no mesmo.

CONCLUSIÓN:

Polo exposto,por esta Secretaría infórmase **desfavorablemente** o Proxecto Constructivo de Abastecemento de Auga a Magalofes, polo que , a xuízo da que subscribe, **non procede** a súa aprobación.

È o que expoño neste informe ocupa cinco (5) planas e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

Fene, 27 de outubro de 2008.

A SECRETARIA

Asdo: Pilar María Pastor Novo.”

Visto que con posterioridade, o proxecto técnico de data outubro de 2008 foi modificado, recolléndose no mesmo a referencia de que se trata de proxecto modificado, variándose ademáis o aspecto relativo ao subministro de electricidade.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico modificado da obra “PROXECTO DE ABASTECIMIENTO DE AUGA A MAGALOFES” que consta de dous tomos (TOMO I: MEMORIA E ANEXOS e TOMO II: PLANOS, P.P.T.P. E PRESUPOSTO”, redactado polo enxeñeiro de Camiños Don Marcelino López Méndez de data outubro de 2008, cun presuposto de execución material de 1.013.529,26 €, condicionando a eficacia do presente acordo á obtención da autorización autonómica, da Deputación Provincial de A Coruña, como

titular da CP-3503 e da Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio, Cultural como organismo competente no tramo do Camiño de Santiago ("Camiño Inglés") en Rego da Moa, así como aos informes favorables da autoridade sanitaria e de AQUAGEST.

Segundo.- Someter o proxecto técnico modificado da obra "PROXECTO DE ABASTECIMENTO DE AUGA A MAGALOFES" a exposición pública por un prazo mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Adoptar o compromiso de realizar os trámites pertinentes en orde a obter a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución da referida obra e a obtención das autorizacións necesarias.

Cuarto.- Solicitar ao organismo autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo das obras.

Quinto.- Remitir certificación do presente acordo, xunto cun exemplar do referido proxecto técnico á Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible, Dirección Xeral de Augas.

Sexto.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a realización dos trámites necesarios para a xestión do presente acordo."

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Secretaria quen, unha vez concedido, manifesta que, dado que con posterioridade á emisión dos informes técnicos e xurídicos foi modificado o proxecto, débese incorporar ao expediente con carácter previo á súa resolución, informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal verbo do proxecto modificado.

Continúa a Sra. Secretaria e manifesta que en todo caso, en todo aquilo que sexa coincidente co proxecto informado en data 27 de outubro de 2008, reitérase e ratifícase no sinalado en dito informe.

Aberto o debate (.../...)

Rematado o debate e sometido pola presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión, ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 26 de novembro de 2008, que deven en ditame nos termos anteriormente transcritos."

Aberto o turno de intervencións o Sr. Alcalde-Presidente intervén e manifesta que trátase dun proxecto modificado derivado dunha serie de modificacións que houbo que facer para ubicar o novo depósito de auga e dar maior servizo a esta parroquia, á futura ampliación a San Marcos e á parte alta de San Marcos.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Secretaria quen, unha vez concedido, manifesta que na Comisión Informativa fixo constar que, dado que con posterioridade á emisión dos informes técnicos e xurídicos foi modificado o proxecto, débese incorporar informe do enxeñeiro municipal verbo do proxecto modificado; que no día da data entregouse en Secretaría informe do enxeñeiro municipal de data 4 de decembro de 2008. Continúa a súa intervención a Sra. Secretaria e manifesta que en todo caso se ratifica no informe de Secretaría, desfavorable, de data 27 de outubro de 2008 obrante no expediente.

Rematadas as intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 28 de novembro 2008 sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 28 de novembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

9º.- RECTIFICACIÓN ACORDO ADOPTADO EN SESIÓN PLENARIA DE DATA 30 DE SETEMBRO DE 2008 SOBRE PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC), 2008-2009.

A continuación, dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 1 de Decembro de 2008 que transcrito di:

“Primeiro.- Rectificación do acordo plenario de data 30 de setembro de 2008 sobre Plan de Cooperación cos Concellos (PCC), 2008-2011, anualidade 2008-2009.-

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 27 de novembro de 2008 que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

RECTIFICACIÓN ACORDO PLENARIO DE DATA 30-09-08 SOBRE PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011, ANUALIDADE 2008-2009.

Advertido un erro no apartado 1º do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión de data 30 de setembro de 2008 relativo á participación no plan de Cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011.

Visto o informe complementario do Enxeñeiro de Camiños municipal de data 24 de novembro de 2008 que transcrito literalmente di:

Asto.: **INFORME COMPLEMENTARIO SOBRE “PROXECTO DE RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO DE AUGA DA AVDA. NATURAIS E A RÚA DA FRAGA (FENE)” EN RELACIÓN CON BASE 5.2 DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL. Consultor: PROYFE, S.L.. Autor: Enxeñeiro de Camiños D. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ. Setembro 2.008. Importe total investimento (licitación): 195.587,19 €**

En relación co proxecto do asunto e en resposta ao escrito da Deputación Provincial no que se indica que *“falta o informe técnico onde se recollan todos os puntos que se indican na base 5.2 das que regulan o Plan de cooperación cos concellos”*, o Enxeñeiro de Camiños Municipal emite o seguinte informe, complementario do emitido en data 26 de setembro de 2.008 sobre o mesmo proxecto:

1.- Acerca da *“indicación expresa das autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución”*.

No aptdo. 1 do informe técnico sobor do proxecto de 26 de setembro de 2.008 indícase que *“O Proxecto do asunto inclúe a substitución de dous tramos de tuberías de abastecemento na Rúa da Fraga (Estrada Provincial CP-1503) e na Avda. Naturais de Fene (Estrada Nacional FE-14), con lonxitudes respectivas de 454 m e 1041 m, en material polietileno de alta densidade (PEAD) e diámetros Ø 125 mm e Ø 160 mm”*.

A titularidade dos viais afectados volve a reiterarse no aptdo. 4.1: “*Todos os tramos de substitución do abastecemento ... execútanse en solo urbano, sobre dous viais de titularidade estatal (Avda. Naturais de Fene = FE-14) e provincial (Rúa da Fraga = Estrada CP-1503) ...*”.

No aptdo. 5 indícase: “*Faise constar que as titularidades dos viais afectados, en Solo Urbano e amboledos con beirarrúas, corresponden a:*

- *Avda. Naturais de Fe e / FE-14 : Ministerio de Fomento – Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.*

- *Rúa da Fraga / CP-1503 : Deputación Provincial de A Coruña.*

polo que a execución da obra requerirá a previa autorización dos respectivos organismos titulares das mesmas. En especial tendo en conta que, pola existencia de edificios fóra de ordenación puntualmente haberá de producirse a ocupación das calzadas ou aparcamentos”.

No aptdo. 6 indícase que por razón de lonxitude das conduccións (1.4905 m > 500 m), en aplicación do Art. 13.1 do Real Decreto 149/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios da calidade da auga de consumo humano, a autoridade sanitaria deberá elaborar un informe sanitario vinculante sobre o proxecto relativo a este aspecto e mesmo no aptdo. 7 se indica que, en aplicación do contrato de concesión do servizo de abastecemento de auga resulta necesario que por parte de AQUAGEST se emita o correspondente informe.

Finalmente, no aptdo. 8 volve a reiterarse que: “*O Proxecto **infórmase favorablemente e con carácter previo** ... condicionado ás autorizacións de organismos e administracións públicas afectados (Ministerio de Fomento – Demarcación de Estradas; Deputación Provincial) ou con competencias sobre as obras nos termos indicados (Sanidade)*”.

En resume, no informe técnico sobre o proxecto están perfectamente contidas e reiteradas as autorizacións administrativas de todo tipo que se precisan para a execución das obras.

2.- Acerca da “**dispoñibilidade dos terreos necesarios e outros aspectos de interese que deban terse en conta**”.

Só cabe remitirse ao aptdo. anterior. Obviamente non pode existir dispoñibilidade dos terreos en tanto non se obteña a autorización por escrito dos titulares afectados: Ministerio de Fomento – Demarcación de Estradas e Deputación Provincial tal e como se indica de xeito reiterado no informe de 26 de setembro de 2.008.

O informe técnico só pode limitarse a expoñer a citada necesidade de autorizacións e tramitación, sin que no momento do informe poida existir dispoñibilidade dos terreos.

3.- Acerca de “**No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 74 da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público**”.

En aplicación do recollido no Art. 125 do Regulamento Xeral de Contratación o proxecto contén, no aptdo. 16 da memoria, a declaración do autor (o proxecto está redactado polo autor, antes de que se elabore o informe de aprobación polo que a declaración no documento só pode ser realizada polo autor ao non existir un Director de Proxecto da Administración) de que se corresponde cunha “obra completa” no senso de que (Art. 125): “os proxectos

(refírense necesariamente) .. a obras completas, entendéndose por tales as susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sin perxuízo das ulteriores ampliacións de que posteriormente poidan ser obxecto e comprenderán todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra”.

O Art. 74 da Lei 30/2007 de C.S.P. ven a incidir neste mesmo aspecto pero coa diferenza de estar referido ao “obxecto do contrato” e non só ao proxecto si ben resulta obvio que o contrato é só a consecuencia do proxecto xa que, agás posibles situacións excepcionais ou de obras menores, éste é necesario para que se poida dar o primeiro.

Por outra parte, o aptdo. 74.3 está referido á posible realización independente de cada unha das posibles partes do contrato mediante a división en lotes. Resulta obvio que, como se indica no aptdo. 2 da memoria do proxecto “... establécese como obxecto deste proxecto a renovación das tubaxes existentes de fibrocemento na Avda. Naturais e na Rúa da Fraga, mediante novas redes de polietileno e os correspondentes accesorios de fundición”, de maneira que no caso presente a obra de substitución é completa, mesmo incluíndo reposicións de pavimentos.

En consecuencia o funcionario que suscribe, en aplicación do Art. 125 do Regulamento Xeral de Contratos, remítese e suscribe a declaración de obra completa do autor contida no aptdo. 16 da memoria do proxecto no senso de que as obras constitúen unha unidade funcional.

Agora ben, tecnicamente a obra pode ser asimesmo dividida en 1, 2, 3 ou 4 lotes no senso de tramos independentes (1 por cada beirarrúa das 2 rúas de actuación), cada un dos cales pode constituir unha unidade funcional, polo que non corresponde ao funcionario que suscribe prexulgar na fase de informe do proxecto un posible fraccionamento do contrato, aspecto éste que non sería razoable con criterios técnicos pero sí administrativamente posible e que en todo caso corresponderá decidir ao órgano de contratación.

4.- Acerca de “... no informe técnico indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu presuposto e contido, de acordo co establecido no artigo 109 da citada Lei 30/2007 de contratos do sector público. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado polo concello remitindo unha copia á Deputación, ou si solicita asistencia a esta Deputación para a súa realización ó abeiro da disposición adicional 2, apartado 12 de dita lei”.

O devandito artigo indica que “*Antes da aprobación do proxecto, cando a contía do contrato de obras sexa igual ou superior a 350.000 euros, os órganos de contratación deberán solicitar un informe das correspondentes oficinas ou unidades de supervisión dos proxectos ... Nos proxectos de contía inferior á sinalada, o informe terá carácter facultativo, salvo que se trate de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra en cuxo caso o informe de supervisión será igualmente preceptivo”.*

No caso presente o importe total das obras (licitación) é de 195.587,19 €, moi inferior ao límite de 350.000 € a partir do que se require o informe de supervisión.

Por outra parte, as obras son de substitución de dous tramos de rede de abastecemento obsoleta que dá problemas frecuentes de rotura pola antigüidade da mesma (> 25 anos) polo que resulta evidente que as obras requiren de estanquidade aínda que tecnicamente resulta pouco procedente falar de “... obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra” por redundante. Levado ao extremo, a substitución de calquera elemento da rede, mesmo de 1 m de conducción, dado que afecta á estanquidade, requiriría informe de supervisión.

O criterio do funcionario que suscribe é que, á vista do importe e características das obras, non se precisaría informe de supervisión si ben, para maior seguridade do Concello e dado que a Oficina Técnica Municipal non ten asignadas especificamente funcións de supervisión de proxectos propónse polo funcionario que suscribe que, en atención á posibilidade do aptdo. 12 da disposición adicional 2 da citada Lei 30/2007 de contratos do sector público, que o informe de supervisión do proxecto sexa realizado pola Deputación.

O que se informa en Fene, a 24 de novembro de 2.008, aos efectos oportunos.

O Enxeñeiro de Camiños, C. e Portos Municipal:

Lino Ameneiro Seijo.”

Visto o artigo 105 da Lei 30/1992 de 30 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Rectificar o erro aritmético detectado no apartado 1º do acordo plenario adoptado en sesión de data 30 de setembro de 2008 relativo ao plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, no seguinte senso:

Onde di:

“...1º.- Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2008-2009, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

Denominación e anualidade	Orzamento TOTAL	Achega Municipal	Achega Provincial
ANUALIDADE 2008:	0.00	0.00	0.00
ANUALIDADE 2009: RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA AVDA. NATURAIS E A RÚA DA FRAGA.	195.587,19	29.338,07	166.149,12
TOTAL	195.587,19	29.338,07	166.149,12

Debe dicir:

“1º.- Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2008-2009, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

Denominación e anualidade	Orzamento TOTAL	Achega Municipal	Achega Provincial
ANUALIDADE 2008:	0.00	0.00	0.00
ANUALIDADE 2009: RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA AVDA. NATURAIS E A RÚA DA FRAGA.	195.587,19	29.338,07	166.249,12
TOTAL	195.587,19	29.338,07	166.249,12”

Fene, 27 de novembro de 2008.

O alcalde,

Asdo. Iván Puentes Rivera.”

Non producíndose intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial acorda por unanimidade

dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión, ditaminar favorablemente a Proposta da Alcaldía de data 27 de novembro de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Aberto o debate intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que no acordo que adoptou a corporación en data 30 de setembro de 2008 había un erro en canto á contía da achega da Deputación, xa que figuraba 166.149,12 euros cando debería ser 166.249,12 euros, polo que trátase dun erro de cálculo e o que procede é facer a rectificación.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 1 de Decembro de 2008 sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 1 de Decembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE MEDIDAS EN FAVOR DOS QUE PADECERON A PERSECUCIÓN OU VIOLENCIA DURANTE A GUERRA CIVIL.

De seguido dáse conta do ditame da Comisión Informativa de organización e seguridade de data 24 de novembro de 2008 relativo ao asunto epigrafiado, que transcrito di:

“(.../...)Seguidamente, polo Sr. Presidente dáse lectura á Moción do grupo municipal do PsdeG-PSOE, de data 22 de novembro de 2008 (entrada 22-11-08, rexistro núm. 13340) que transcrita di:

“O Grupo Municipal do PsdeG PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación á **LEI 52/2007 POLA QUE SE RECOÑECEN E AMPLÍAN DEREITOS E SE ESTABLECEN MEDIDAS EN FAVOR DOS QUE PADECERON PERSECUCIÓN OU VIOLENCIA DURANTE A GUERRA CIVIL E A DITADURA**, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta moción inspírase nos valores e principios que fixeron posible a Transición no noso país: a reconciliación, a concordia, a defensa pacífica de todas as ideas e o respecto ao pluralismo; con ese espírito reencontrámonos todas as cidadás e cidadáns na Constitución de 1.978.

Desde entón avanzamos xuntos na mellora da convivencia e na ampliación das liberdades; tamén na aprobación de medidas, no recoñecemento dos dereitos dos que sufriron as consecuencias da guerra civil e o réxime ditatorial que a sucedeu.

Acertadamente, ao longo destas tres décadas, cada un deses avances foi visto por toda a cidadanía como un paso necesario non só para pechar feridas, senón tamén para fortalecer a democracia que todas e todos compartimos.

Nese traxecto, na senda da cohesión e a concordia, insírese a Lei 50/2007, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura.

No articulado da mencionada Lei, coñecida como “Lei de Memoria Histórica”, aténdese á xusta e lexítima demanda dos numerosos cidadáns que ignoran o paradiro dos seus familiares –algúns aínda en fosas comúns-, contemplando medidas e instrumentos para que

as Administracións Públicas faciliten aos interesados que o soliciten, as tarefas de localización e, se é o caso, identificación das persoas desaparecidas, como unha última proba de respecto a elas e a eles.

Tamén se establecen, unha serie de medidas en relación cos símbolos e monumentos conmemorativos da Guerra Civil e a Ditadura, sustentadas no principio de evitar toda exaltación da sublevación militar, da Guerra Civil e a posterior Ditadura; e destinadas a facer dos símbolos públicos puntos de encontro e non de enfrontamento, ofensa ou agravio.

Este concello, mediante a adhesión a esta moción de todos os partidos democráticos e forzas políticas integrantes da Corporación, pode manifestar a súa vontade de contribuír e pechar feridas aínda abertas nos españois; pode dar satisfacción aos cidadáns que sufriron, directamente ou na persoa dos seus familiares, as consecuencias da Guerra Civil ou da Ditadura; pode protexer o dereito cidadán á memoria persoal e familiar, pode promover o coñecemento e a reflexión sobre o noso pasado, para evitar que se repitan violacións aos dereitos humanos que as que se viviron no noso país; e pode facelo desde a convicción de que, ao recoñecer e honrar a aqueles compatriotas, honramos tamén á España democrática de hoxe e á España democrática do futuro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PsdeG PSOE de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. Respecto á identificación e localización de vítimas:

- Facilitar aos descendentes das vítimas que o soliciten, as actividades de indagación, localización e identificación das persoas desaparecidas violentamente durante a Guerra Civil ou a represión posterior e das que se ignora o seu paradiro.
- Elaborar e poñer a disposición das cidadás e cidadáns interesados, mapas nos que consten os terreos nos que se localicen os restos das persoas previamente mencionadas, incluíndo toda a información dispoñible sobre os mesmos.
- Incorporar esa información ao mapa que confeccionará o Goberno, seguindo o procedemento que este determine, para que toda a información sexa accesible a todas as cidadás e cidadáns.
- Preservar especialmente eses terreos.
- Autorizar as tarefas de prospección para localizar os restos das persoas desaparecidas.
- Establecer o procedemento e as condicións en que os descendentes directos, ou as entidades que actúen no seu nome, poidan recuperar os restos enterrados nas fosas correspondentes, para a súa identificación e posterior traslado a outro lugar; ponderando, en todo caso, a existencia de oposición de calquera dos descendentes directos das persoas ás que pertencen os restos que deban ser trasladados.
- A tales efectos, e con carácter previo á correspondente resolución, darase unha axeitada publicidade ás solicitudes presentadas, comunicando en todo caso a súa

existencia á Administración Central do Estado, para a súa inclusión no mapa previamente mencionado.

- Os restos que sexan obxecto de traslado e non fosen reclamados serán inhumados no cemiterio municipal.

2. Respecto aos símbolos e monumentos públicos:

- Tomar as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación –persoal ou colectiva- da sublevación, da Guerra Civil e da represión da Ditadura; agás que estas sexan de estrita lembranza privada, sen exaltación dos enfrontados, ou cando concorran razóns artísticas, arquitectónicas ou artístico-relixiosas protexidas pola lei.
- Retirar pola administración Pública as subvencións ou axudas concedidas aos propietarios privados que non actúen do modo previsto no apartado anterior.
- Colaborar co Goberno e a Comunidade Autónoma na elaboración do catálogo de vestixios relativos á Guerra Civil e a Ditadura.”

Aberto o turno de intervencións(.../...)

Rematados as intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade acorda con catro (4) votos a favor (dos/as Sres/as Noceda Carballo, García Balado, Silvar Canosa e Sánchez Martínez) coa abstención dos/as Sres/as Roca Regueijo e Galego Feal, ditaminar favorablemente a Moción do Grupo Municipal do PS-deG-PSOE de data 22 de novembro de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai unha emenda que se formula por parte da Alcaldía . A emenda, transcrita di:

“ENMENDA AO DICTÁME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E SEGURIDADE ADOPTADO EN SESIÓN DE DATA 24 DE NOVEMBRO DE 2008.

Iván Puentes Rivera, Alcalde-Presidente do Concello de Fene (A Coruña), de conformidade co disposto no artigo 94 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a presenta a seguinte

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E SEGURIDADE ADOPTADO EN SESIÓN DE DATA 24 DE NOVEMBRO RELATIVO Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE REFERENTE A MEDIDAS A FAVOR DOS QUE PADECERON PERSECUCIÓN OU VIOLENCIA DURANTE A GUERRA CIVIL E A DITADURA:

Engadir ao final do apartado 1 da proposta de resolución o seguinte:

“Todo o anterior sen prexuízo das competencias e autorizacións previas e preceptivas doutros órganos (xudiciais e administrativos) con competencias sobre a materia”

Quedando, polo tanto, dito apartado redactado como segue:

“1. Respecto á identificación e localización de vítimas:

- Facilitar aos descendentes das vítimas que o soliciten, as actividades de indagación, localización e identificación das persoas desaparecidas violentamente durante a Guerra Civil ou a represión posterior e das que se ignora o seu paradiro.
- Elaborar e poñer a disposición das cidadás e cidadáns interesados, mapas nos que consten os terreos nos que se localicen os restos das persoas previamente mencionadas, incluíndo toda a información dispoñible sobre os mesmos.
- Incorporar esa información ao mapa que confeccionará o Goberno, seguindo o procedemento que este determine, para que toda a información sexa accesible a todas as cidadás e cidadáns.
- Preservar especialmente eses terreos.
- Autorizar as tarefas de prospección para localizar os restos das persoas desaparecidas.
- Establecer o procedemento e as condicións en que os descendentes directos, ou as entidades que actúen no seu nome, poidan recuperar os restos enterrados nas fosas correspondentes, para a súa identificación e posterior traslado a outro lugar; ponderando, en todo caso, a existencia de oposición de calquera dos descendentes directos das persoas ás que pertencen os restos que deban ser trasladados.
- A tales efectos, e con carácter previo á correspondente resolución, darase unha axeitada publicidade ás solicitudes presentadas, comunicando en todo caso a súa existencia á Administración Central do Estado, para a súa inclusión no mapa previamente mencionado.
- Os restos que sexan obxecto de traslado e non fosen reclamados serán inhumados no cemiterio municipal.

Todo o anterior sen perxuízo das competencias e autorizacións previas e preceptivas doutros órganos (xudiciais e administrativos) con competencias sobre a materia”

Fene, 2 de decembro de 2008.

O ALCALDE

Asdo: Iván Puentes Rivera.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a emenda ao ditáme da Comisión informativa de organización e seguridade , anteriormente transcrita, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditáme da Comisión informativa de organización e seguridade de data 24 de novembro de 2008 coas modificacións que resultan da enmenda aprobada, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditáme da Comisión Informativa de organización e seguridade de data 24 de novembro de 2008 coas modificacións que resultan da enmenda aprobada.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que o grupo municipal do PSdeG-PSOE retira esta moción porque foi presentada con anterioridade a que se discutise na comisión correspondente a declaración institucional do Concello de Fene e xa se adheriron á citada declaración institucional que desde a Concellería delegada de dinamización social, benestar e Igualdade se impulsou para representar ao conxunto da corporación.

12º.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA AO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

A continuación dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 28 de novembro de 2008 relativo ao asunto epigrafiado, que transcrito di:

“3º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A CELEBRACIÓN O 25 DE NOVIEMBRE DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO.-

A continuación dáse conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular de data 21 de novembro de 2008 (entrada 21-11-08, rexistro núm. 13281) que, redactada en castelán e traducida ao galego di:

“D. GUMERSINDO GALEGO FEAL, Voceiro do Grupo Municipal Popular no concello de FENE, en nome e representación do mesmo e ao abeiro do establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte

MOCIÓN

Diante da celebración o 25 de novembro do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, o Partido Popular quere reiterar o seu firme compromiso na loita contra unha das peores lacras que sofre a nosa sociedade e que desgraciadamente costa a vida anualmente a decenas de mulleres.

Os poderes públicos, as institucións, as asociacións e os cidadáns, deben involucrarse, de xeito conxunto, na loita contra o maltrato que sofren moitas mulleres. Non podemos consentir que a violencia de xénero cada vez vaia a máis no noso país.

No que levamos do ano 2008 téñense producido 60 asasinatos de mulleres. A lexislatura anterior saldouse coa escalofriante cifra de 280 mulleres mortas, case 50 máis, que na última lexislatura do Goberno Popular.

A pesares de que na lexislatura pasada tomáronse medidas para combater esta lacra, como a aprobación da Lei de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, o resultado foi desolador; faltan medios e recursos e o seu funcionamento é manifestamente mellorable, recaendo todo o peso nas Comunidades Autónomas e Concellos.

Sucesivos informes como o do propio Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de 2006, o informe anual do Defensor do Pobo (2006), ou o de Amnistía Internacional reflicten a frustración das expectativas xeradas pola lei, as súas debilidades e cómo, tras catro anos desde a súa entrada en vigor, as mulleres non están máis protexidas nin se senten mellor atendidas polas administracións públicas.

Actualmente hai déficits de policía, de xulgados exclusivos de violencia de xénero e os xulgados compartidos amósanse desbordados co número de casos de violencia de xénero.

Así mesmo, os informes para determinar o nivel de risco ao que está sometida a vítima de violencia de xénero están resultando pouco efectivos para determinar o grao de risco e as medidas a adoptar.

Considerando a gravidade da situación e a necesidade inmediata de adoptar novas medidas que incidan dunha forma máis eficaz na desaparición da violencia de xénero, o Grupo Municipal Popular somete á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno a que dedique os recursos económicos necesarios e imprescindibles para o pleno desenvolvemento e execución da Lei Integral de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno a que incremente o número de policía dedicados exclusivamente á protección da muller vítima da violencia de xénero, incidindo especialmente en que estean formados para estas tarefas e en comunicación directa, permanente e personalizada coas vítimas reais ou potenciais.

TERCEIRO.- Instar ao Goberno a que incremente o número de Xulgados especializados en violencia de xénero, dotándoo dos medios materiais e humanos necesarios para garantir o seu efectivo funcionamento.

CUARTO.- Instar ao Goberno a que despregue en todo o territorio nacional as Oficinas de Atención a vítimas e facer efectiva a asistencia letrada inmediata.

QUINTO.- Instar ao Goberno a que revise o procedemento informático de valoración de risco para vítimas de violencia de xénero co fin de que sexa máis efectivo, homoxéneo e axude a diminuír o número de vítimas mortais.

SEXTO.- Instar ao Goberno a que no marco da Lei Integral de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero inclúa os plans de protección persoalizados para vítimas de violencia de xénero.”

Aberto o turno de intervencións (.../...)

Rematadas as intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade acorda con tres (3) votos a favor (dos/as Sres/as Fornos Corral, Franco Casal e Sánchez Martínez) e coa abstención dos/as Sres/as Couto Sejjido, Silvar Canosa e García Balado, ditaminar favorablemente a Moción do Grupo Municipal do Partido Popular de data 21 de novembro de 2008 que devén en ditame nos ternos anteriormente transcritos.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que a moción é posterior á declaración institucional pero que a queren manter porque cren que a Lei non está dotada economicamente nin suficientemente desenvolvida; que nesta moción o que piden son medidas concretas, non expresións de boa vontade ,xa que fáise preceptivo concretar unhas determinadas medidas que se deben tomar no tema da violencia de xénero que ,ano tras ano vai a máis.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Couto Sejjido quen, unha vez concedido, manifesta que están de acordo con todas as medidas propostas, pero que pensa que a

declaración institucional que se fixo o día vintecinco de novembro , Día contra a violencia de xénero ,xa engloba todas as medidas que se piden por parte do PP, polo que se van abster.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, di que o que abunda non dana e que eles o que están a pedir son medidas concretas.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que na comisión xa votou a favor e vai seguir mantendo o seu voto porque as cousas que se piden as piden todos, e que quizáis o que vota de menos son determinadas medidas sociais para que se atenúen as grandes desigualdades que hai.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que o grupo municipal do PSdeG-PSOE váise abster na votación polos motivos xa indicados pola primeira tenente de alcalde, xa que eles se consideran representados pola declaración feita polo Concello de Fene, motivo polo que eles retiraron a súa moción anterior.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 28 de novembro de 2008 obténdose o seguinte resultado:

Vostos a favor: cinco (5), (dos/as Sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal, Fornos Corral e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: once (11), (dos/as Sres/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, Silvar Canosa, García Balado, Rodríguez Carballeira, López Rodríguez, Lourido González, Couto Seijido, Roca Requeijo, Pico Sanmartín e Vigo López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 28 de novembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

13º.- DACCIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 700 ,do 31 de outubro de 2008 e a número 771 do 28 de novembro de 2008.

14º.- MOCIÓNS URXENTES.

Seguidamente, intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai dúas mocións urxentes presentadas, unha do grupo municipal do Partido Popular en relación á realización de infraestrutura de comunicación para sortear a vía férrea entre o Cruceiro e Avda. Marqués de Figueroa en Perlio e outra presentada polo conxunto das catro forzas políticas que teñen representación neste pleno sobre a situación na que se atopa o estaleiro de Navantia Fene.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que a moción do Partido Popular non é de urxencia senón que queda para unha comisión e para o vindeiro pleno.

Acto seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que o Comité de empresa de Navantia Fene fíxolles chegar unha serie de reivindicacións que teñen sobre o futuro da compañía e que se falou do asunto entre os diferentes grupos políticos e se chegou a unha moción unánime presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG, PP e EU-IU, moción que reflicte punto por punto cada unha das reivindicacións do Comité de empresa, cunha pequena modificación no punto seis da moción na que se solicita "...Definición das

Especializacións de produtos e mercados nas distintas zonas do Grupo; que no caso de Ferrol-Fene serían as seguintes: Construcción de buques militares de mediano e gran porte, Off-Shore, Reparacións de buques militares e civís de todo tipo, turbinas e Enerxías renovables”, á que se engade en vez de construción de buques militares de mediano e gran porte, construción de buques civís e militares de mediano e gran porte; di que con esa modificación a moción é tal cal o escrito que presentou o Comité de empresa de Navantia Fene.

Continúa o Sr. Alcalde-Presidente a súa intervención e manifesta que a urxencia da moción ven motivada polas conversas e a negociación que están a manter o Comité de empresa de Navantia Fene coa empresa.

Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a urxencia da moción, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Acto seguido dáse conta da moción conxunta dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG, PP e EU-IU de data 4 de decembro de 2008 ,que transcrita di:

“Os Grupos Municipais do PS^{de}G PSOE, BNG, PP e EU-IU ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación á **SITUACIÓN NA QUE SE ATOPA O ESTALEIRO DE NAVANTIA - FENE**, presentan para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene insta á Empresa Pública Navantia, á SEPI (Sociedade Estatal de Participacións Industriais) e ao Goberno de España a:

1. Apertura inmediata das distintas negociacións (Plan Industrial, Marco Regulador Único e Modelo de Industria Auxiliar).
2. Esixencia de apertura de Investigación e Auditorías, que esclarezan as actuacións levadas a cabo por Navantia no proceso de negociación e mobilización, aplicando os cambios dos responsables de ditas actuacións..
3. Cumprimento e definición dos compromisos de Carga de traballo, recollidos nos acordos do 2004 para o conxunto de Navantia, integrando as partidas presupostarías necesarias nos Presupostos Xerais do Estado para o 2009. No caso de Ferrol a 2ª Fragata F- 110 recollida en ditos acordos.
4. Recuperación do Mercado eólico, aproveitando as actuais instalacións de Navantia, na ría de Ferrol, posibilitando acordos co Goberno central, Xunta de Galicia e Empresariado que desenrolen ó máximo as potencialidades deste Negocio.
5. Política estratéxica de saturación e aproveitamento das instalacións Fene-Ferrol que posibilite a posta en marcha de calquera proxecto de construción naval civil ou militar compaxinándose os distintos proxectos, especialmente os actuais.
6. Definición das Especializacións de produtos e mercados nas distintas zonas do Grupo; que no caso de Ferrol- Fene serían as seguintes: Construción de buques civís e militares de mediano e gran porte, Off-Shore, Reparacións de buques militares e civís de todo tipo, Turbinas e Enerxías renovables.

7. Inversións en I + D + i, en función do Proxecto Industrial final; tendo en conta as necesidades dos Centros, Zonas e Áreas; fomentando a enxeñería propia, sendo capaces de elaborar produtos propios que sexan competitivos no Mercado Internacional; apostando por novos Produtos e Servicios. Neste senso, recuperación e implantación do Programa informático “Nécora”; procedendo á súa actualización cos medios económicos e recursos materiais e humanos necesarios para o seu máximo aproveitamento interno i externo.
8. Descentralización dos Departamentos de Compras, Aproveitamentos, Enxeñería, Comercial etc., para unha mellor e máis eficaz xestión; propiciando a súa vez, unha maior autonomía dos Centros.
9. Novo Modelo de Industria Auxiliar sobre Normas que regulen as materias referentes ás Empresas, traballadores e relación entre a principal e as auxiliares. Unha Política de Subcontratación baseada no Documento sindical.
10. Poñer os medios necesarios para acometer a unificación dos Convenios nun só Marco Regulador.
11. Incorporación dun número importante de Xóvenes ós plantéis da principal, formados por e dentro da empresa Navantia.

Fene, 4 de decembro de 2008

ANTÓN LOIS NOCEDA CARBALLO
Voceiro do G. M. do PSdeG PSOE

MANUEL POLO GUNDÍN
Voceiro do Grupo Municipal do BNG

GUMERSINDO GALEGO FEAL
Voceiro do Grupo Municipal do PP

MANUEL SÁNCHEZ MARTÍNEZ
Voceiro do Grupo Municipal de EU-IU”

Non producíndose debate, polo Sr. Sr. Alcalde-Presidente sométese a moción a votación ordinaria, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU de data 4 de decembro de 2008 anteriormente transcrita.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai unha moción do grupo do Partido Popular relativa tamén á situación de Navantia Fene e que pide, dado que a moción anterior foi consensuada e pactada por todas as formacións políticas e xa hai un pronunciamento do pleno, que quede enriba da mesa e que se trate na comisión informativa; que si se pode chegar a un acordo unánime de todos os grupos, mellor é traela ao seguinte pleno.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o motivo de presentar por urxencia esta moción é precisamente polos últimos acontecementos que se están a ver; que a presentan por urxencia porque ven que o presidente do Goberno actual parece que está pouco receptivo a volver a renegociar o tema de Astano en Bruxelas e cren que é moi adecuado que o Concello se pronuncie e apoie calquera xestión que se faga; que por outro lado existe tamén a iniciativa popular que está levando o BNG adiante, que cren que é outro punto máis apoiando o problema de Astano; que ademais está o tema do plan industrial que presentaron os sindicatos e a moción que se acaba de aprobar; que por outro lado consideran tamén a urxencia porque acábanse de aprobar as bases para a modificación do plan de urbanismo para telo no seu día en conta, e

que por outro lado retoman tamén con esta moción o escrito que presentou Iniciativa Empresarial por Fene relativa ao tema de Astano, polo que cren que o conxunto desas cinco circunstancias aconsellan a urxencia da moción. Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención e di que non obstante o sinalado, en aras de que se poida estudar detidamente e apoiada polo maior número de grupos posible, non teñen inconveniente en que quede pendente para ser tratada pola comisión informativa e, unha vez ditaminada, se traia ao vindeiro pleno.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que hai uns días viron como nunha praza se poñía “praza privada” e que eles sempre pensaron que esa praza era pública e da noite á mañá apareceu o cartel, polo que non sabe se está ou non xustifico e que queren saber se iso é así.

Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención e pregunta cómo van as negociacións con Navantia para a cesión do terreo fronte á galescola, e se hai algún problema de tráfico alí ou cos veciños. Di que lles informaron de que había unha ocupación de vía pública dunha casa no Sartego por apuntalamiento ,que estaba ocupando parte da vía pública e non sabe se ten licenza municipal, se hai perigo de derrube desa casa e se xa foi debidamente legalizada esa obra; di que hai unha rotura do alcantarillado en Sillobre ,na zona onde está a pista polideportiva, que é constante e que a calquera hora están a realizar vertidos nesa zona; di que os baches que se amañaron na zona de entrada de Aguilar volven a estar igual, volvéronse a levantar todos , polo que roga que se volvan a amañar.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que en relación ao apuntalamiento da casa do Sartego se investigará no Concello se hai licenza ou non e se mirará na oficina técnica; que sobre a praza de correos hai unha vella reivindicación dos veciños desa comunidade, xa que manifestan que é privada , da comunidade, pero que de feito no seu día foi amañada polo Concello porque lle cederon ao Concello a parte traseira do edificio, que tamén era propiedade da comunidade, para incorporalo ao parque lineal do río Cádavo, e a praza foi amañada dacordo con ese convenio; que desde hai tempo veñen protestando porque os vehículos aparcen nesa praza que afirman que é da súa propiedade e lles impide o tránsito ; que o certo é que no Concello non consta documentación que certifique nin unha cousa nin a outra; que o que os veciños presentan son unhas escrituras de propiedade nas que si figura ese espacio como da súa propiedade, pero que lóxicamente desde que o compraron puideron vendelo ou cedelo; que seguiráse a investigar e mirar o asunto e que o que si teñen claro é que o tramo de beirarrúa é do concello e que o tránsito de coches que estaba a soportar a zona estaba deteriorando a beirarrúa , polo que o Concello puxo uns bolardos que delimitan a beirarrúa do resto da praza para impedir o tránsito de coches, polo menos nesa zona, non na entrada que utiliza correos para acceso ao almacén pola parte de atrás; que logo os veciños colocaron un cartel de propiedade privada ; que o concello de momento non ten documentación que certifique que iso non sexa así pero que si se atopa, obviamente se recuperará.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que en canto ás negociacións con Navantia, o asunto está bastante máis avanzado do que estaba na última sesión plenaria; que a principios desta semana tivo unha xuntanza con responsables de Navantia en Ferrol a instancias da dirección de Navantia e que está previsto que a semana que ven se despracen ata o estaleiro dous técnicos da compañía para supervisar a parcela a ceder para logo redactar o convenio e asinalo para que se lle ceda ao Concello ao obxecto de poder habilitar o aparcamento e a rúa no entorno da galescola; que tamén hai acordo para ceder ao concello os baixos do bloque un de San Valentín que no seu día ocupou o antigo centro de saúde, para habilitar neles servizos do concello; que o camiño está como está

porque é propiedade de Navantia, non do Concello, polo que mentres non sexa da súa propiedade non o pode asfaltar.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que hai queixas pola limpeza e desbroce de camiños nas parroquias e que é conveniente darlle unha pasada cando se poida; di que no colexio da Xunqueira hai un aparcamento para profesores e habería que mirar a posibilidade de aumentar o número de prazas facendo aparcadoiros dentro do recinto escolar para liberar esa zona que podería quedar para os veciños; que sobre o tema de soterramento de liñas de alta tensión, ten entendido que hai un plan asinado entre o Conselleiro de Industria e Unión Fenosa sobre este particular, e que no Concello de Mugardos sabe que se vai soterrar algunha e facía falla que neste Concello, que hai unhas cantas, a máis problemática a de San Valentín, que se iniciaran xestións para chegar a un acordo e soterrar as liñas de alta tensión de San Valentín; que na zona de Tellerías, onde está o paso da vía férrea, están todos os bloques e pide que se inste a Renfe para que os tire e, senón que os tire o concello e lle pase os gastos a Renfe.

Continúa o Sr. Sánchez Martínez a súa intervención e manifesta que verbo das inundacións en Perlio quedouse en iniciar unha serie de xestións con outras administracións e quere saber como está o tema. Di que en San Valentín hai unha beirarrúa na zona do Bar A Xunqueira en mal estado da que xa se falou varias veces e que pode crear perigo.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que con respecto ao muro de Tellerías, tirar as antigas celosías de formigón que están rotas e adecentar a valla azul que está bastante deteriorada, teñen o compromiso de Adif de facelo; que obviamente o Concello non se pode meter nesa zona, pero que en todo caso está transmitido por parte do concello e existe o compromiso de Adif de facelo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que en canto ao tema da limpeza do río Cádavo, chegou a autorización de Augas de Galicia e que tan pronto pare de chover empezarán a limpalo.

O Sr. Sánchez Martínez pide o uso da palabra e, unha vez concedido, di que con iso non se fai nada e que haberá que ir ás administracións de arriba para solucionalo.

O Sr. Alcalde-Presidente intervén e manifesta que o río ten dous problemas, un que é competencia municipal: manter o seu leito limpo e a súa ribeira limpa e sen dificultades para que a auga flúa, e o outro, que é o máis grave, que é que as zonas de inundación e de expansión do río hoxe están edificadas; que no seu día non había a normativa que hai hoxe para evitar este tipo de edificacións; que toda a parte baixa de Perlio era unha zona de xunqueira, de inundación natural que hoxe está edificada; que o leito do río foi desviado, sobre todo na zona de Astano en varios tramos e, polo tanto, o río ten un problema xa que cando chove moito e a marea está chea inevitablemente desbórdase, polo que pode estar limpísimo e desbordarse; que si é responsabilidade do Concello evitalo na medida do posible e se evita mantendo o leito limpo; que os traballos empezarán esta semana co permiso de Augas de Galicia, e que teñen transmitido a outras administracións, concretamente á Xunta de Galicia a necesidade de abordar algún tipo de obra de mellora do leito, incluso de comportas nalgunha situación de emerxencia que permita evitar ese tipo de inundacións, pero que xa é unha solución técnica moito máis complexa e unha solución de gran calado para a que haberá que atopar financiamento; que son dous problemas e que a xente saiba que o Concello fará todo o posible no que lle compete, pero que sempre hai ese risco de inundación.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezaioito horas e cincuenta minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e prace,
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.